

**BORRADOR ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS Nº 6/2017 DE  
CARÁCTER ORDINARIO CELEBRADA O 30 DE XUÑO DE 2017**

**ASISTENTES**

**Presidente**

**Sr. Alcalde. Marcos David Besada Pérez (MS)**

**Concelleiros/as**

**Grupo municipal do Partido Popular**

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

**Grupo municipal de Movemento Salceda**

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

**Secretaría do Concello**

Noemi Sirera Diéguez

**HORA DE INICIO: 21:06 horas**

**HORA DE REMATE: 00:35 horas**

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 21:06 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante Decreto nº 2017-0364, de data 27/06/2017 reúnense en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte orde do día.

### ORDE DO DÍA:

#### A) Parte resolutiva

1. Aprobación da acta da sesión anterior

(sesión nº 5/2017 de carácter extraordinario celebrada o 2 de xuño de 2017)

#### B) Actividade de control

2. Dar conta de informe de avaliación do Plan de Axuste, 1º trimestre 2017

3. Dar conta dos Decretos dende o 159 ao 359

#### C) Mocións dos grupos políticos, no seu caso

#### D) Rogos e preguntas

### INICIO DA SESIÓN

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Boas tardes a todos e a todas, benvidos a vosa casa a este Pleno Nº 6/2017 de carácter ordinario que se celebra o 30 de xuño de 2017.

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (SESIÓN Nº 5/2017 DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO CELEBRADA O 2 DE XUÑO DE 2017)

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ben, comezamos este Pleno coma sempre con a aprobación da acta da sesión anterior que é a de 2 de xuño de carácter extraordinario. Non sei se tedes os presentes algo que dicir.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Boas tardes a todos, na páxina 12 no penúltimo parágrafo di: Outra cousa, 80.000€ que perden os veciños, ¿canto perden os veciños realmente ao final deste préstamo? ¿Canto diñeiro van a desfrutar neno e os veciños (...) Debe dicir: ¿Canto diñeiro van a desfrutar menos os veciños (...)

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Algo máis?

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Nada máis.

Non existindo mais observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 5/2017 de carácter extraordinario celebrada o 2 de xuño de 2017, e a mesma é aprobada por UNANIMIDADE DOS TRECE membros presentes na sesión.**

2. DAR CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN DE AXUSTE, 1º TRIMESTE 2017.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Como é habitual nos plenos ordinarios o Ministerio de Facenda do Estado español, nos pide varios informes que son basicamente da intervención municipal, neste caso o informe de avaliación do Plan de Axuste do 1º trimestre do ano 2017 do que se da conta, tal é como obriga a lei a este Pleno.

3. DAR CONTA DOS DECRETOS DENDE O 159 AO 359.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** O punto nº 3 dar conta dos Decretos, dende o 159 ao 359. É a relación de decretos de todos aqueles asuntos que eu como alcalde, no día a día vamos facendo no traballo diario, neste caso dende o número 159 ao 359. Queda dada a conta.

Antes de seguir coas mocións dos grupos políticos no seu caso, decir que hai unha petición feita polo grupo Popular de comparecencia, seguindo o ROF a comparecencia debe ser acordada polo Pleno. O goberno tomou a decisión, en base a esa petición, de comparecer xa hoxe e non demoralo máis, para dar as explicacións oportunas que se nos demandan, neste caso dende o Partido Popular, polo tanto inclúese esta comparecencia na orde do día.

**Sométese a votación a urxencia da inclusión no orde do día e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ten a palabra o portavoz do grupo popular, Santiago.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Boas noites, o noso grupo despois de facer unha fiscalización das contas do ano 2016 detectamos unha serie de irregularidades que nos consideramos graves e polo que solicitamos a través de rexistro a comparecencia do Alcalde, da Concelleira de cultura e do Concelleiro de facenda para que tivese a ben dar explicacións ante o Pleno das irregularidades que a continuación na exposición de motivos vou a ler:

O Partido Popular de Salceda de Caselas ven de detectar a pasada semana irregularidades na contabilidade do Concello. Correspóndense estas irregularidades con, al menos tres actuacións do ano 2016 nas que o Goberno Municipal non ingresou os cartos obtidos da recadación das entradas. Falamos das actuacións no Auditorio Municipal de “ O Show de ISI” o 3 de setembro, de “Batemento” o 4 de setembro (Día da Festa dos Callos) e de “ Vaamonde, Lamas & Romero” o 6 de febreiro (Entroido).

Son varios os indicios que nos demostran que as actuacións foron xestionadas polo Concello:

- As entradas para estas actuacións vendéronse única e exclusivamente na Casa da Cultura e por traballadores do Concello, a diferenza de outros casos nos que as entradas foron vendidas en diferentes locais desta localidade e das localidades veciñas.
- Se as actuacións foron xestionadas por unha empresa privada terían que darse dúas condicións previas á actuación, tal e como se recolle na Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola utilización do Auditorio Municipal, no artigo 5, puntos 1, 2 e 3: por unha parte, o rexistro de solicitude de aluguer do auditorio e, por outra, un apunte contable no Libro Maior ( Libro de Contas) correspondente ó ingreso polo aluguer do Auditorio Municipal a dita empresa.

Para estas actuacións das que falamos, a diferenza de outras, non se cumpre ningunha destas condicións.

O que parecía un caso illado, está desembocando nunha dinámica habitual. Ademais, ata o momento, o alcalde e o seu grupo de goberno continúan sen asumir a responsabilidade, dando a calada por resposta a esta grave situación.

Por todas estas razóns, dende o Grupo Municipal do Partido Popular, solicitamos ao Pleno da Corporación Municipal a Comparecencia do Alcalde, da Concelleira de Cultura e do Concelleiro de Facenda para que contesten á seguinte cuestión.

1. Cal foi o procedemento seguido para estes casos dende o encargo dos tickets ata o pago das actuacións?
2. Cales son os documento oficiais que avalan este procedemento?

Creemos que a situación, o que detectamos, é de unha gravidade moi manifesta, nos revisamos a contabilidade do ano 2016 nesas contas aparecen unha serie de pagos destas tres actuacións pero non aparece ningún dos tres ingresos da venda das entradas, polo tanto, como dixen antes, solicitamos que expliquen ante o Pleno como foi ese procedemento, dende o encargo dos tickets ata o pago das facturas, é dicir, o procedemento completo e cales son os documentos oficiais que avalan ese procedemento.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Coméntame a Secretaria municipal que antes votamos a urxencia da inclusión deste punto na orde do día, pero que ademáis o Pleno ten que votar o acordo de comparecencia o obxecto de poder responder as preguntas que se lle formulen.

**Sométese a votación o acordo de comparecencia e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ten a palabra a Concelleira de Cultura.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS) Pérez:** Boa tarde a todos e a todas, vamos por partes, cando menos faime graza escoitar cousas como “a calada por resposta” ¿a calada por resposta a que? Porque a nos non nos preguntastes nada ata que entrou a solicitude por rexistro. Ao mellor era máis práctico, vir, preguntar que vos désemos a nosa opinión e despois poderíades dicir a calada por resposta ou non. Non houbo pregunta co cal non hai calada como resposta.

Entrando no caso, antes vou facer unha petición é unha petición de cambio de nome, porque o caso auditorio imputa a un compañeiro voso en prevaricación, fraude, falsidade documental e malversación. Podémoslle cambiar o nome e pórllle caso “Conta contos” ou “Canto conto” que igual vos vai máis ao dedillo.

Vamos ao tema: ¿cal é o proceso dende o encargo de tickets? En primeiro lugar non hai encargo de tickets porque lle aforramos tanto ao concello que os imprimimos nos mesmos, nin sequera hai gasto de imprenta. Veríades que tampouco está a factura da imprenta na contabilidade, facémolo nos. En segundo lugar esta Concellería chama a actuar a grupos, a empresas a artistas e as fórmulas son diversas, hai veces que se chama a un artista a caché, o Concello vende as entradas aos prezos estipulados en ordenanza, o Concello fai ese ingreso e o artista factura o seu caché. Hai outra formula que é a taquilla onde o artista establece os prezos que considera e arriscase a que lle saía moi ben ou que non lle saía moi ben, custe cero para o Concello. E hai unha formula mixta onde o artista se leva o prezo da taquilla, os prezos neste caso sendo para o artista aínda que son libres si é certo que son pactados co Concello para iso se fai unha formula mixta e o Concello asume a diferenza do seu caché.

Estamos falando deses casos, ¿cando se contrata a un grupo, digo grupo, como digo artista de 1.000, 2.000, 3.000, 4.000, 5.000 € é obrigatorio facerlle un contrato? Non, sen embargo as veces faise, non é necesario nin obrigatorio nin moito menos. Tráiovos un deles, vou leer: grupo Vaamonde, Lamas & Romero coa Banda cultural de Salceda, contrato asinado o intérprete percibirá a cantidade de 1.800€ máis IVE 21% 2.178€. Como vos digo empregouse unha fórmula mixta, hai unha folla, ídesme preguntar se é un documento oficial, non sei se é documento oficial ou non, é unha folla de rexistro de taquilla que firma esta Concelleira máis o representante da empresa, Cultura Activa neste caso na que pon, e vou leer: Concerto de Banda cultural de Salceda con Vaamonde e Romero e Lamas Entroido 2016 recadación taquilla 800€ que asina a empresa e hai unha factura final de 1.000€ contrato de 1.800€, taquilla de 800€ factura final de 1.000€. Non sei se é oficial, se non é oficial, está ahí. ¿Hai contrato de todos os grupos? Non. ¿É unha fórmula que se utiliza habitualmente? Pois coa partida de Cultura que temos, que sabemos que está limitada non, limitadísima pois bueno, é unha formula para que a xente siga tendo actuacións, siga tendo espectáculos sen que lle custe ao Concello ou polo menos que non lle custe o caché inicial.

O que me molesta especialmente de isto é a mentira, Primitivo, non podes saír dicindo que o Auditorio estaba cheo, porque por desgraza, polo que fose, por un motivo ou por outro non foi así, a folla de venda de taquilla non é miña, é de quen vendía as entradas, é de 53 persoas. A fai él, pódelle preguntar se esta folla é certa ou está inventada. Entón non podes saír e dicir o Auditorio encheuse, porque estás mentindo. Pódeme dicir que encheu Carlos Blanco ou que

case encheu Vaamonde, Lamas & Romero pero Isi por desgraza non, que máis quixese eu pero foi o pregoeiro que tivo menos entrada. ¿Cal foi o motivo? Non o sei.

Se alguén pensa que o concerto de Batemento con son incluído vale 700€ estades moi pouco postos na realidade, e máis tédelos moi cerca, bastante cabreados porque non tivestes nin o detalle de falar con eles. Os da Banda tamén están un pouquiño cabreados con vos, un pouquiño non, bastante.

Mirade son fórmulas non sei se a mellor, se había outra mellor, ou se había outra máis maravillosa, seguramente si, a realidade é que a partida de cultura é limitada e intentamos buscar formulas que nos permitan traer espectáculos que doutra forma non podíamos.

Insisto, Batemento volve a estar o sábado do Cristo, está en programa, o seu caché son 1.200€ non son 700€ ¿como van ser so 700€ co son? Pero que os tedes ao lado da porta, preguntádello se cobraron a taquilla ou non, mais que a eles ao seu representante. E que están moi cerca, e non podemos ter aos rapaces tan cabreados e indignados, que se estea a manchar o seu nome desta maneira e a Asociación Amigos da Música indignada porque se estea metendo nisto, é máis, no da Asociación Amigos da Música aínda é mais grave, porque a actuación a xestionou directamente o seu director, que ofreceu isto con toda a súa boa intención e vos estades con estas. Que me parece absolutamente indignante, repito, tédelos ahí ao lado, preguntádello cando queirades. Eu o que teño claro e que as cousas se denuncian nun xulgado, non na prensa e menos na prensa dicindo dan a calada por resposta, repito ¿calada por resposta de que?

E xa de paso vou aproveitar para consultarvos unha cousa, unha iniciativa moi en pañales, nin se quera se falou con todos os centros culturais. Hai interese en facer un tipo de ciclo de teatro afeccionado cos centros culturais, isto comezou a dar os seus primeiros pasos, repito, aínda non se falou con todos os centros culturais pero con algún si. A idea é organizar un ciclo de cara a outono e para que eles teñan algúns ingresos, pois facer esta fórmula, cederlle a taquilla, nin tan sequera unha fórmula mixta neste caso. Evidentemente, non lle imos cobrar o aluguer do Auditorio. Si eu os chamo a actuar como lle vou a dicir do aluguer do Auditorio.

O Auditorio está, como pasa moitas veces, agora alugado por un festival de fin de curso a unha Academia de Danza de Tui, pediron o Auditorio e pagaron o seu aluguer. Evidentemente, se son eu quen os chama a actuar non lle vou a dicir vamos a taquilla e pagades o aluguer do Auditorio, sería o colmo, agora decideme vos que fago con esta iniciativa coa que nos estábamos ilusionados e a min me parecía unha boa iniciativa, ¿que fago? Ou lle cobro o aluguer aos centros culturais ou lle nego a nosa axuda a hora de vender entradas que nos parece fundamental un punto de venda de entradas nun lugar a onde todo o mundo poida ir aberto de mañá e tarde como é a Casa da Cultura, é cuestión de facilitarlle o acceso as entradas aos veciños e veciñas de Salceda, ¿que fago? ¿Cobrámoslle o aluguer do Auditorio? ¿Negámoslle axuda na venda das entradas? ¿Ou directamente me cargo o proxecto? porque a caché non o vamos a poder facer e menos en outono, porque a partida de Cultura ao chegar os Callos rematouse.

Chegados a este punto, se nos pode acusar de moitas cousas, pode ser a mellor fórmula ou a peor, ¿pero falar de financiamento ilegal? ¿de apropiación indebida? Home por favor iso está efectivamente no caso Auditorio, falarnos a nos de apropiación indebida o PP, por favor, non sei como non se vos cae a cara de vergonza. Non vou a volver intervir con isto nin na prensa nin en ningún lado, a próxima intervención no xulgado, así de claro. E que vale xa de xogar, de mentirille a xente, de enganar, de non ter o detalle de falar cos implicados que os tedes ao lado da casa. Tede o detalle e un pouquiño de vergonza con eles que mos atopei pola rúa e os atopei completamente indignados que os tedes ao lado da casa.

De verdade non sei se vos serven as miñas explicacións, se son suficientes se non o son, non podemos facer máis, temos a situación que temos e buscamos solucións imaxinativas para facer as cousas e que so nos queda saír ahí e bailar nós, bueno xa saímos a tocar porque non nos quedou outro remedio para non gastar en gaiteros. Non sei que máis queredes, sinceramente non sei que máis queredes, ata facemos nos os tickets para non dar gasto a imprenta, non sei que máis queredes sinceramente.

Non teño máis que dicir, creo q foi suficiente a miña explicación, por certo, o caso “canto conto” foi curioso, cando eu lle pido os traballadores do Concello, que aclaren o caso “canto conto” cando se ve que esta todo correcto, inmediatamente aparece publicado no Facebook do portavoz do PP retirando o caso. Esa telepatía que temos, gustoume como funcionou, a telepatía foi directa, eu xa che mandei as ondas para alá, e xa che dixen, Santiago isto xa está solucionado quítao da lista, pero nunca pensei que chegara tan rápido a onda, cando menos foi curioso.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ben, ten a palabra o Partido Popular.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Nos solicitamos a comparecencia do Alcalde e do Concelleiro de Facenda e da Concelleira de Cultura, vamos a escoitar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Eu fago miñas as palabras da concelleira que ademais a avalo na súa integridade.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Eu creo que Teresa, o deixou claro, a comparecencia dela é a do equipo de goberno e a miña, é evidente que quedades sen argumentos, se utiliza unha fórmula mixta que pretende dar a maior axenda cultural posible aos veciños e se utilizan as fórmulas que acaba de explicar a concelleira. É o que hai, se vedes algunha irregularidade colledes e denunciades no xulgado que é o que tedes que facer e non andar con contos de taberna, porque o conto de taberna chega a onde chega e hai que fundamentalo, neste caso acaba de dar as súas explicacións creo que non hai máis debate. En todo caso, asumo as explicacións que da a Concelleira de Cultura.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ten a palabra o Portavoz do PP.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Polo tanto o Alcalde e o Concelleiro de Facenda fan súas as palabras da señora Concelleira e consideran claras, concisas, suficientes e clarificadoras vendo que as contas do Concello do ano 2016 non aparezan os ingresos de tres actuacións levadas a

cabo no Auditorio Municipal, polo tanto, hai unha saída de cartos, é dicir, hai un pago de tres actuacións oficiais a través de transferencias e non hai ningún tipo de ingreso nas arcas do concello por esas actuacións, iso é así de claro e eses son os documentos nos que nós nos avalamos para facer pública esta denuncia. Non se esquezan señores concelleiros do goberno que nos ante todo respetamos a presunción de inocencia, así o manifestamos en todas as nosas publicacións sempre. Se vostedes estivesen na posición contraria estarían aquí os seus seguidores e vostedes pedindo dimisións con pancartas e insultos, esta é a diferenza. Nos imos esgotar a vía política que o estamos a facer, iremos paso a paso, non pensen vostedes que se vai a quedar nun simple Pleno se as explicacións son as que acaban de ser.

Mire, eu quería preguntar se o que vostede acaba de dicir, señora Concelleira, no contrato que vostede ten ahí, nos non o temos, ¿ese contrato esta fiscalizado por intervención? ¿Ten rexistro de entrada? ¿Hai algún informe municipal de algún funcionario, Secretaría ou Intervención que avale ou ampare o que vostede acaba de dicir? ¿Onde está recollida na Ordenanza municipal ese suposto apaño mixto que vostede fai? ¿Onde está na Ordenanza municipal recollida que se pode compartir de mutuo acordo sen ningún documento oficial que o ampare o avale e que o xustifique entre vostede como Concelleira ou Alcalde como tal e cunha empresa privada onde vostedes deciden por mutuo propio a taquilla, é dicir, a venda das entradas, sen pasar esa venda das entradas pola caixa do Concello, eu pregunto, onde se venderon esas entradas? Nos consta que unica e exclusivamente na Casa da Cultura. ¿Por quen? ¿Por persoal do Concello, verdade?

Todos os veciños que foron e asistiron a esa actuación, saben onde mercaron esas entradas, saben quen as venderon, e saben a quen lle pagaron as entradas, polo tanto, non foi unha empresa privada quen xestionou a venda das entradas como vostedes dixeron publicamente.

Os tickets, polo que acaban de dicir, os fan vostedes polo tanto non hai unha fiscalización. Non sabemos cantos tickets se puxeron a venda, non sabemos cantos tickets se deixaron de vender. Sae vostede con que había 53 persoas no Auditorio na actuación de Isi, é alucinante. 53 persoas cando o Auditorio estaba practicamente cheo porque o manifestan as diversas publicacións feitas por vostedes nas redes sociais e polos veciños que asistiron.

É dicir, solo vostedes saben cantas entradas se poñen a venda. ¿Quen é a persoa encargada de recoller a recadación da venda das entradas? Quen é o responsable municipal? ¿Ou cargo político ou funcionario municipal que se encarga de recoller os cartos das vendas na Casa da Cultura das entradas feitas nesas 3 actuacións? ¿Cal é o seguinte paso a levar dende que se entregan os cartos das vendas que deberían parar na conta do Concello? ¿Hai algún documento que xustifique a entrega deses cartos? E logo o máis importante, ¿hai algún documento oficial que avale o número de vendas feitas? Non nos vale que veña vostede agora a ensinar un papel dicindo que solo se venderon 53. O mesmo que nos entregou a nos este documento, isto é as contas das festas dos Callos que vostede como Concelleira cre que é serio rigoroso e conciso de entregar a este grupo. Sen asinar nin por vostede nin por ningún funcionario que avale que estes datos son certos, isto é un Word feito por calquera.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Un Excel.



**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Un Excel, perfecto, feito por calquera. Isto son as contas oficiais das Festas dos Callos, un Excel feito, quero pensar, pola señora Concelleira.

Isto son as contas pero, isto non é serio, isto non é rigoroso, isto non é un documento oficial; igual que non é rigoroso o método que vostede, supostamente utilizou. Se se utilizou ese método, que non é certo, ¿que documento avala o que vostede está dicindo? Se houbera un convenio onde se especificara nunhas cláusulas como sería o método a seguir pero non o hai, ningún contrato, ningún convenio.

Insisto, as entradas foron vendidas na Casa da Cultura por persoal do concello, polo tanto, non xestionadas por ningunha empresa privada señora Concelleira, Alcalde, por ningunha empresa privada. Os cartos recadáronse na Casa da Cultura e non foi ningunha empresa a recollelos, dou por suposto e si foi unha empresa a que recolleu os cartos, demóstreos vostede con documentos. Ensine un documento que avale que foi a empresa quen recolleu os cartos, móstreos. Iso é a proba da defensa oficial, nítida e clara o demais son suposicións que vostede di aquí, pero estamos nunha entidade pública señores do goberno, non estamos, con todos os respetos, nunha asociación ou agrupación "X". Estamos nunha entidade pública, polo tanto as contiñas en documentos públicos e oficiais avalados que xustifiquen, que certifiquen, que amparen, cada un dos acordos que tomen os diferentes responsables de calquera Administración Pública.

Logo outra contradición manifestada por vostede, por un lado di que se encargou de todo unha empresa privada, vale vamos a supoñer que fora así, que non o é, que non o foi pero no suposto caso que fose así ¿onde está a solicitude desa empresa polo aluguer do Auditorio? A Ordenanza municipal é moi clara, no artigo 5 puntos 1,2 e 3. Unha empresa privada con beneficio económico ten que solicitar o aluguer do Auditorio e pagar a Taxa municipal de 50€ por ese aluguer. Non existe para ningunha das 3 actuacións, non existe. Polo tanto, non se da ningunha das 3 condicións para que vostede se ampare nesa afirmación que fixo no día de hoxe e nos medios de comunicación.

En resumida conta, nos como seguramente a maioría, por non dicir a totalidade que case afirmaría, dos aquí presentes e os veciños, queren, precisan, e vostedes deben, e nos así llo esiximos, que expliquen: onde, como e que método utilizaron na recadación, na xustificación que polo que vemos non teñen maneira de xustificar en documento legal para defender o que vostedes de palabra acaban de manifestar hoxe aquí. Polo tanto, non somos nos os que temos que xustificar o que denunciámos, que xa temos os documentos que nos amparan señores do goberno, Alcalde as contas públicas do Concello, a liquidación das contas do ano 2016 nos ampara, o libro maior nos ampara. Non está o ingreso feito nas arcas municipais das 3 actuacións. Polo tanto, insistimos en que se nos aporte os documentos que avalen o que vostede acaba de dicir.

Esta é a miña primeira intervención e remato facendo unha aclaración polas afirmacións que vostede fixo inicialmente porque hai aquel refrán que di, as veces empregado polo goberno municipal, que non hai unha mellor defensa que un bo ataque e vostede intentou atacar inicialmente con acusacións. Mire, non nos metemos nin con ningún grupo nin con ningún artista,

nos metémonos con actuacións feitas polo goberno municipal, polas irregularidades feitas polo goberno municipal, polo non ingreso dos cartos públicos na conta do Concello, nos é o que denunciámos. Estes señores fixeron unha factura pública que presentaron no rexistro do Concello e que vostedes lle pagaron a través dunha transferencia. Nos o que queremos saber, como os veciños, é onde están os cartos da venda das entradas, que nolo expliquen con documentos señor Concelleiro de Facenda que vostede é o responsable das contas. Se vostede ten un documento oficial que nos diga que os ingresos están en "X" acabouse. Nos non a atopamos, salvo que vostede teña un papel gardado que non estea nas contas públicas do Concello.

Mire e logo que falen vostedes do caché, mire todos sabemos canto cobran estes grupos, todos sabemos canto cobra Isi por actuacións semellantes ¿ou é que solo actúa en Salceda de Caselas?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Parece que non.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Pois igual lle vou ensinar facturas oficiais de outros concellos, onde se demostra que cobraron un importe parecido ou Batemento cobrando en sitios moi cercanos de aquí por importe case parecido, incluso menor. Mire vostede, teña coidado coas afirmacións porque igual hai documentos que a desminten. Se fose certo o que vostede está dicindo, Isi cobraría oficialmente do Concello 1.573€ da factura e a maiores toda a recadación das entradas feitas e vendidas na Casa da Cultura, é dicir, máis de 3.000€ señora Concelleira.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** ¿A canto se venderon as entradas?

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Iso pregunto eu, ¿a canto se venderon as entradas? Porque vostedes incluso o ocultaron no cartel o precio das entradas. ¿A canto se venderon as entradas?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** A 4€.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿cantas entradas se venderon? ¿53? Mentira.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Demóstrao.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Demóstreo vostede.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** A folla do empregado que vendeu as entradas.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Demóstreo vostede que ese documento é público e oficial. Demostre vostede que so había 53 persoas no Auditorio.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Tes que demostralo ti que es quen denuncia.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Remato esta primeira intervención, queremos saber con documentos oficiais onde foron parar os cartos das vendas das 3 actuacións feitas no Auditorio no ano 2016, esa é a pregunta concreta, os veciños e nos como grupo municipal lle reclamamos a este goberno, que nos documenten e que xustifiquen con documentos públicos onde están e canto se recadou por esas actuacións, iso é o que vostedes teñen que contestar.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** A ver, eu interveño, eu expoño, pero tedes que escoitar, se todo o que respondín non valeu de nada.. Estame volvendo a repetir as mesmas preguntas que xa contestei. Vouche contestar o mesmo porque non me vou inventar as respostas.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Se vai contestar o mesmo case que se aforre a saliva. Eu o que quero saber é onde están os documentos que avalan o que vostede está dicindo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** A carga da proba corresponde ao denunciante, eres ti quen está acusando.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿Onde están os cartos?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Es ti o que está a facer unhas afirmacións sen ningún tipo de probas. Estás incluso insinuando financiamento ilegal, es ti o acusador e resulta que temos nos que demostrar a túa falsa acusación.

¿Dende cando é unha proba que Isi lle cobre a un Concello un prezo e ao Concello de Salceda outro, do que estás afirmando? Non sei, ti aparte tes experiencia persoal e profesional, ¿dende cando, véndeslle o pan o mesmo prezo a todo o mundo? Os artistas venden o seu produto dependendo do seu interese. Polo que o argumento é absolutamente falaz e falso. Reitero e remato a miña parte, volvemos co círculo de sempre, inventamos algo falso, o desenvolvemento é falso e as conclusións son falsas. Se tes algo que demostrar, vas a un Xulgado porque Salceda ten temas máis importantes.

Leccións do PP de honestidade e honradez as xustas. Basicamente por respecto institucional, porque o abecedario esta gastado xa en casos de corrupción do PP en España polo tanto creo que sobre ese tema hai pouco máis que falar.

Ten a palabra Teresa.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** A ver Santiago , díxencho antes, pode ser a mellor fórmula, a peor, a mediana, a máis regulada, a menos regulada, a máis regular. Non podes acusarnos de apropiación indebida. Podes acusarnos do que queiras, que non era a mellor opción, podes dicir o que queiras, que hai que fiscalizar todos os contratos, non é necesario firmar contratos con grupos con caché neste caso 1.800 máis IVE. Caché 1.800€ folla de taquilla asinada por min e por Alberto Moroña representante naquel momento da empresa, recadación taquilla 800€, factura presentada polo grupo 1.000€. É oficial non é oficial, sérveche ou non che serve, non o sei. ¿Onde están os cartos? Nas contas das empresas que é onde teñen que estar, porque fixeron o seu traballo igual cos do REC, tampouco vos gustou como lle pagamos e os cartos os teñen eles, que son os que os teñen que ter.

Non hai máis, dálle as voltas que queiras, poderás acusarnos de moitas cousas de apropiación indebida non. E como non che quedaron claras as respostas repítochas: si eu chamo a un grupo a actuar aquí e pactamos como pactamos e chegamos aos acordos que chegamos, nunca lle vou

cobrar o aluguer do Auditorio municipal porque os chamo eu, non piden eles a utilización do Auditorio, os chamo eu. Eu cando convido a alguén a miña casa, non lle obrigo a pagar o aluguer.

¿Vendemos as entradas na Casa da Cultura? Si. ¿Os cartos son do Concello? Non, son da empresa e eu a quen lle facilito a vida non é a empresa é aos veciños e veciñas de Salceda que eu os escoito igual que os escoitades vos. Cando hai un acto, cando hai que mercar as entrada nun bar pois a alguén lle gusta e outros dinche cólleme alí ti a entrada que a min a aquel bar non me gusta ir. É así lles facilitamos a vida. Non entendo esa insistencia en cantas se poñen a venda. ¿Da igual non? Como se se poñen 5.000, non se van a vender máis de 284 porque non entran nas butacas, a chegar a 284 no mellor dos casos, haberá que pechar. Pero é que é moi fácil, que vostedes os teñen ahí o lado, os Batemento ou a Banda, os tedes ahí na porta. Ide alí, insisto, acusádenos de irregularidades, de que non foi o máis limpo, que non foi a mellor fórmula, o que queirades que o diga un xuíz. De apropiación indebida non, os cartos están nas contas das empresas ou dos músicos, que supoño que lles pagarían.

Os cartos os teñen eles que foron os que fixeron o traballo. Se os artistas cobran o mesmo nun lado que no outro non é o meu problema, eu intento traelos ao mellor prezo posible. Isi estivo aquí 2 días, eu entendo que se vai facer un monólogo a outro concello non lle cobrará o mesmo que vindo aquí 2 días, non o sei. Insisto, eu intento traelos ao mellor prezo posible. Eu tamén toco en grupos, tamén cobro por actuacións asegúroche que é difícil que se repita un caché. Non é o mesmo tocar en Salceda que ir a tocar a A Coruña evidentemente, non é o mesmo non levar iluminación que ter que levala e non é o mesmo botar unha tarde que botar unha hora é así, os cachés non son sempre iguais.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non vou preguntar de novo o método utilizado, xa se dixo por activa e por pasiva, tamén xa dixo a propia Concelleira que ela cre que ao mellor hai outra fórmula máis lícita ou mellor. A miña pregunta é se non é mellor que quede todo rexistrado. A min gustaríame saber tamén quen lle recolleu os cartos ao persoal que vendeu as entradas, se foi a propia empresa, se foi a concelleira ou como se trasladaron.

Unha Concelleira con cargo institucional recolle o diñeiro dun local que tamén é municipal, o recolle e non o rexistra en ningún lado, traspásase de ahí a outra persoa sen rexistrar en ningún lado. Dende logo ten a Concelleira razón cando di que seguramente hai mellores fórmulas, dende logo isto é cando menos unha chapuzada.

É unha chapuzada que se vai seguir facendo porque, sobre o que dixo a Concelleira sobre un proxecto que estaba en pañales para levar o teatro polos centros Culturais, a Ordenanza di moi claro que non se lle cobre o aluguer sempre que estas actividades sexan de carácter grauíto.

Eu non digo que se lle cobre pero se a ordenanza o di, que se diga en propio Pleno que se pretende non facelo, eso é incumprir a Ordenanza. Se non lle gusta, múdea, é fácil, pode modificar a Ordenanza e incluír un punto onde diga que non se lle cobra neste caso as actuacións.

O que dicía o Alcalde que se ían tratar temas máis importantes e visto a orde do día non o creo. Levamos dous Plenos sen que haxa puntos na orde do día na parte resolutiva, pois modifique

unha Ordenanza e se adecúe para que as Asociacións de Salceda poidan facer iso e non veñan aquí a intentar defender que están cumprindo a legalidade noutro tema cando xa están dicindo que van a incumplir a Ordenanza por outro tema que se vai facer a posteriori.

Creo que o Pleno non é un Xulgado como diciades antes pero eu creo que é unha cousa seria. Non veñamos aquí os propios concelleiros que representamos aos veciños a dicir que vamos a incumplir unha ordenanza que nos mesmo aprobamos, para satisfacer, non digo que non sexa unha necesidade das Asociacións ou dos veciños, pero repito ínstolle a que volva traer aquí a Ordenanza modificada e se adecúe.

Eu síntome parte de este Pleno, aínda que as veces pareza que non e me deixen para o final.

Señor Concelleiro de Facenda ¿Non cree que que vostede ten que velar porque se fagan ben as cousas? Non vou acusar a ninguén de que se quede cos cartos, nin de apropiación indebida nin de nada, agora isto como mínimo é unha chafallada que polo que estou mirando se pretende seguir facendo. Insto a Concelleira de Cultura e ao de Facenda e como último responsable ao Alcalde a que se fagan as cousas ben, a que queden rexistradas as cousas, a que un Concelleiro non recolla diñeiro na Casa da Cultura e non chegue a rexistro. Se pode facer perfectamente que as entradas se vendan ahí, se rexistre a achega de diñeiro procedente das entradas e se faga un apunte contable pagando a totalidade da factura. Dende logo, se se houbese feito así, non entraría ningún tipo de dúbida nin estaríamos hoxe tratando este tema. Non insisto moito máis porque me vai dicir as mesmas respostas que supoño lle repetiu ao PP, pero dende logo está claro que documentos que rexistren o bo facer e o que se debe actuar non os hai e por moito que haxa un contrato, ¿hai folla de taquilla das tres actuacións? ¿Ou so hai da que nos ensinou?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Xa vos dixen que non había de todas.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Me gustaría preguntarlle ao Alcalde se os Concelleiros tanto de Cultura como de Facenda están facendo ben as cousas e se de verdade confía e avala a actuación desta maneira.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Eu confío e avalo a todos e cada un dos Concelleiros e Concelleiras ao longo destes dez anos de goberno, incluídos os Concelleiros e Concelleiras do PSOE que estiveron durante oito anos. Incluso as túas actuacións e non todas foron co máximo rigor.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu non era Concelleira.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Perdoa, eras asesora de Tenencia de Alcaldía e asesora do goberno e cobrabas por iso. Incluídas todas e cada unha das túas actuacións e non foron todas perfectas.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu son a primeira que digo que non fago todo perfecto.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ti fas todo perfecto, o resto nos equivocamos. Verónica, eu avalo todas e cada unha das actuacións de cada un dos Concelleiros e Concelleiras, asesores e asesoras que estiveron baixo a miña responsabilidade durante oito anos, incluídos os Concelleiros e Concelleiras e asesores do PSOE e nunca escoitástedes da miña boca outra cousa que non sexa a que estou dicindo.

Tamén teño que dicir que non todo o que fixo o PSOE nin fan os compañeiros é perfecto porque perfecto non hai ninguén.

Gustaríame escoitar estas palabras os anos que estiveches ao redor dunha mesa, por certo aprobaches sempre todas as Contas Xerais, os Orzamentos todos.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** ¿Podes revisar as Actas a ver se eu aprobei algo?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non, ti tes dobre vida. Ti chegaches a Salceda no 2015, ata ahí non existías.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu cheguei a Salceda fai 42 anos e sigo estando, non coma outros. Dende logo non estiven de Concelleira nin aprobei nada.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Estabas de asesora.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** O meu consello é que debería informarse mellor de como fan os seus compañeiros e así ao mellor non avala tanto a viva voz nun Pleno. E despois se quere siga buscando e buscando a ver se atopa feita por min algunha chapuza de este estilo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Chegados a este punto vou a calarme, mellor. Eu avalo o traballo que se fixo durante dez anos, incluído o traballo que fixo vostede como asesora do Goberno, non digo nada máis, o resto eu miro cara diante e non miro para atrás. Iso si, non teño dobre vida. Non cheguei aquí no ano 2015 nin tan sequera no ano 2007.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu non escondo nada é máis avalo o traballo das Concelleiras socialistas que houbo ata agora e Concelleiros.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Por alusións, é evidente que o PSOE tamén se opón a que haxa unha oferta cultural ampla en Salceda porque evidentemente as partidas municipais para cultura son limitadas e a Concelleira decide facer esa fórmula mixta de darlle a recadación ao grupo e facturar a diferenza polo prezo do caché, ben pois se a partir de aquí a oposición esta desconforme pois teremos que estudar outras fórmulas porque se ve que creo que máis ben se vai en contra de facer unha axenda cultural ampla, o máis ampla posible e vese que non son partícipes da decisión que se toma dende a área. Pouco máis que dicir, está claro que apropiación indebida non houbo, os grupos o poden certificar chegado o momento se se vai a xuízo, e se tedes algunha dúbida con respecto da legalidade vos sumades a demanda do PP e o facedes constar no xulgado.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu non me opoño para nada a unha oferta cultural ampla, é máis se quere lle dou un consello, que podía ser máis amplo non sempre o mesmo. Sen problema ningún, igual que segundo ao Alcalde asesoraba antes, podo asesorar agora e non teño problema ningún. Dende logo a idea do teatro polos centros culturais e benvida, deixa de ser sempre o mesmo e ademais e ampla. Nos non é que non avalemos ese crecemento ou esa oferta ampla, o que non avalamos é a forma de facelo porque é tan simple como que se cobren os tickets, se ingresen os cartos en rexistro e se pague a factura total. Plena transparencia.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** A partida é limitada é sabelo.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** As partidas terían fácil solución se aprobamos uns orzamentos cada ano e facemos as cousas ben e non temos orzamentos prorrogados dende o ano pasado.

Agora se queres Jose Luis tamén che digo que o que hai é que xestionar, non é que sexa fácil falar, é que vostede ten a obriga de gobernar. A obriga de gobernar é a obriga de, entre outras cousas, facelo ben.

Me parece increíble o que estou oíndo, cando vostedes gobernan, teñen a obriga de gobernar e a responsabilidade de facelo e facelo ben. O quen non pode ser aquí unha escusa de non facelo ben e que non temos partida. Como non a temos facémolo mal.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** ¿Nunca cobrástedes nada en efectivo?

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Se estás dicindo que se cobraron patrocinios en B ao xulgado como dis ti. O que se cobraba en efectivo eran as entradas da piscina e ían con tickets contabilizados por Tesourería e entregados. Nin sequera o diñeiro pasaba por nos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** É a mesma fórmula.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non é a mesma fórmula, hai tickets numerados rexistrados por un funcionario do Concello. Era a empregada do concello a que ticaba todos os tickets e facía o ingreso, a que ingresaba, os levaba e os recollía.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Vale, esa era a pregunta, nunca colleches diñeiro en efectivo.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu nunca recollín diñeiro en efectivo en ningún sitio.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** En todo caso Verónica, quen vai dicir se gobernamos ben ou non gobernamos ben non vas a ser ti, van ser os veciños de Salceda.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Por suposto, pero eu teño o dereito a dicirlle as cousas cando non as fan ben.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Quen avala democraticamente se o fixemos ben ou o fixemos mal son os veciños nas eleccións, non a portavoz do PSOE, que por certo, puidedes estar no goberno e supoño que o farías infinitamente mellor que nos.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** É certo que puiden estar e non quixe.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** A ver, o que soe pasar e que ao final o de sempre, si se entra no debate que o Alcalde quere, se falan doutras cousas menos do importante que hoxe aquí non se aclarou onde están os cartos das entradas.

Alcalde, a proba é o Libro Maior de contas do Concello, un documento oficial, un documento público e un documento rexistrado, firmado e avalado por funcionarios públicos e por vostede como Alcalde. Esa é a proba que é evidente e contundente que a vostede os deixa sen argumentacións documentales, non de palabrería señores Concelleiros do Goberno. Ese documento que os deixa sen poder xustificar o inxustificable é a proba a que este grupo, estas cinco persoas que representamos humildemente a unha parte dos veciños de Salceda, denunciámos publicamente e traemos a este Pleno para que o Goberno nos explique onde foron parar os cartos das entradas das actuacións feitas no Auditorio municipal.

Esa é a cuestión, se dixo de palabrería pero non hai ningún documento que o avale e eu lle pido a señora Concelleira, se fai favor se así o considera, señora Concelleira de Cultura, que nos volva a leer ese suposto acordo entre vostede e a empresa que mencionou antes.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Díxenche que había un contrato, que había unha folla que podía ser máis explícita que pon Entroido 2016, concerto da Banda Cultural de Salceda con Vaamonde, Romero & Lamas, recaudación taquilla 800€ asinado por min e por Alberto Moroño e inmediatamente despois disto, pasamos dun contrato de 1.800€ a unha factura de 1.000€. Non teño máis, non teño máis documentos.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Señor Alcalde, se me permite. Unha representante dunha Administración Pública, nun Pleno público ante un funcionario que da fe do que aquí se acaba de dicir, aparte do que cada un de nos dixemos ao longo desta tarde noite, que a señora Concelleira resulta que firma un documento privado, que non é oficial que non está avalado por ningún funcionario público, é dicir, que non está fiscalizado e non está informado, un acordo persoal entre a Concelleira e a empresa ou ese grupo que por suposto eu, loxicamente, respecto a ese grupo. Vostede acaba de manifestar que hai un documento que di que recadou a empresa 800€ pola venda de entradas e como recadou 800€ logo xa me fan unha factura por 1.000€, é dicir, que os 800€ os deixamos fora da factura oficial, é así de claro. ¿O IVE onde vai? Está dicindo que pagaron mil e pico e o resto ¿como llo pagaron?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Acabouse a comparecencia.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Señor Alcalde pido que me deixe acabar a miña intervención.



**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** É o Alcalde o que dirixe o Pleno, remata. Xa falaches varias veces.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Señor Alcalde lle pido que me respete o meu turno de intervención.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non me estás respetando ti a min, que son o que dirixe o Pleno. Non sexas maleducado, quen dirixe o Pleno son eu ou rematas ou pasamos ao punto seguinte.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Lle pido que me deixe rematar a intervención.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Deixolle rematar a intervención.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Replicándolle as afirmacións e intervencións que fixo fai un momento, lles digo e lles reitero, que a proba evidente, contundente e oficial nun documento público é que non están os ingresos desas tres actuacións nas contas do Concello. Este grupo demostra que non están en documentos oficiais os ingresos, no Libro Maior de contas do Concello.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Se o tes tan claro ao xulgado.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Anunciamos que lle imos a pedir nos vindeiros días, ou nas próximas semanas un Pleno Extraordinario onde solicitaremos unha Comisión de Investigación sobre o respecto. Imos ir ata o final ata saber onde foron parar os cartos, que documentos o amparan, que contratos os amparan, e iso de dicir que pode ser mellor ou peor, menos bonito menos feo e que non pode ser porque non é legal. Outra cousa é que amparándose na legalidade puidésemos facer unhas cláusulas mellores ou peores pero aquí vostedes non están amparados na legalidade porque non hai ningún documento oficial de ningún tipo, nin de contrato nin de ingreso, nin de fiscalización.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Para iso non perdíamos tanto tempo, Santiago. Montaches toda unha telenovela, agora vai por capítulos. Respetarei os procedementos e non hai máis historia e senón vai ao xulgado.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Non decidirá vostede por nos, decidirémolo nós.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Bueno pechamos a comparecencia. Pasamos ao punto seguinte:

### **C) MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.**

**PRIMEIRA MOCIÓN:** O 23 de xuño rexistro entrada 2017-E-RC-3713 moción do grupo socialista.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Temos unha moción para dotar de sistemas de climatización a escola infantil Galiña Azul e as aulas do CRA Raíña Aragonta e vou pasar a darlle lectura:

Nos últimos tempos estamos a ver como o verán chega antes e ademais as temperaturas son cada vez máis elevadas na nosa comunidade. Estas altas temperaturas son sufridas de xeito especial pola poboación infantil nos centros escolares, polo que faise preciso acometer a climatización na escola infantil A Galiña Azul e nas aulas do CRA Raíña Aragonta que aínda non dispoñen dela.

Ademais, nas últimas semanas, temos asistido a numerosas queixas das familias que levan aos seus neno e nenas á escola infantil A Galiña Azul é tamén á sede do CRA Raíña Aragonta, denunciando que os rapaces soportan temperaturas de máis de 30°. Queixas ás que ningunha administración lle está a dar resposta.

Ante a falta de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son moitos os concellos, ante a gravidade do asunto, que custean os equipos e a súa instalación con fondos municipais. Como xa fixo o concello de Salceda de Caselas noutras ocasións.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas presenta esta moción, para a súa aprobación polo Pleno da corporación solicitando a adopción do seguinte acordo,

-Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a que instalen sistemas de climatización na escola infantil A Galiña Azul e nas aulas do CRA Raíña Aragonta que aínda non dispoñan dela.

-Instar ao goberno municipal a que asuma o custe e a instalación destes equipos no caso de non facelo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social, a través de fondos propios ou a través de plans subvencionados por outras administracións.

A moción e curta, creo que todo o mundo a entendeu, é solicitar en primeira instancia a Consellería de Cultura, ao Consorcio Galego de servizos de Igualdade e Benestar a que solucione o problema de climatización que ten neste intre a escola infantil Galiña Azul e as aulas do CRA Raíña Aragonta como pode ser a sede, e verdade que nos últimos tempos sabemos que se vai a por a climatización na aula de Parderrubias pero bueno, queda o CRA e os rapaces están sufrindo o mesmo problema ou quizás aínda engadido pola estrutura que ten o edificio.

No caso de non facelo, de que non teñamos resposta positiva da Consellería de Cultura, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, pois que se asuman a través de fondos propios ou de plans subvencionados como se vai a facer no caso de Parderrubias este custe da climatización.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Votamos a urxencia da Moción.

**Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.**

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Efectivamente, este ano é especialmente cálido e se sofre máis ca nunca isto, nos tamén somos conscientes deste problema, tamén nolo trasladou o equipo directivo. O Concello xa instou ao Consorcio galego a que asuma esta mellora. En todo caso, nos non podemos aprobar ningún tipo de moción que poña que se non o fai quen o teña que facer, fágao o Concello porque nos parece que non podemos caer neso. É irresponsable dende logo, catro anos en Benestar e xa o pediran daquela, non é novo. Entón se non o fan eles facémolo nós, non me parece xusto para os veciños e veciñas de Salceda, porque o diñeiro haberá que investilo onde lle corresponde ao Concello, non onde non lle corresponde.

Entón non podemos aprobar a moción coa segunda parte, insisto, xa instamos ao Consorcio Galego, ademais teño que dicir que estamos nun momento crucial no Consorcio e están chegando unhas reclamacións aos concellos de bastantes miles de euros polas escolas infantís, xa chegara unha fai un ou dous anos que agora queda anulada pero vai chegar outra en breve con bastantes miles de euros, entón nos parece irresponsable que por un lado o Concello vai ter que aportar esa cantidade e todos eses miles de euros ao Consorcio e que por outro lle solucionemos a papeleta da climatización.

Os nenos non teñen a culpa, dende logo e nos imos facer todo o que temos na man para que o consorcio execute esta climatización. So unha aclaración, o tema de Fontán non era o mesmo, sabedes que o problema fundamental non era instalarlle o aire frío senón a calefacción que por certo, a calefacción é obrigatoria por lei, o aire acondicionado non aínda que bueno, debería selo.

Insisto, totalmente de acordo no asunto, nos xa fixemos xestións ao respecto, faremos tamén a do CRA pero falámolo o outro día no Consello escolar e o vai facer primeiro o propio centro, en canto eles emitan a solicitude nos secundarémola e hoxe incluso se plantexou no consello do Altamira, que nunca antes se plantexara.

Nos imos facer todo o que estea na nosa parte pero non podemos aprobar unha moción onde diga que se non o fai quen o ten que facer o fai o Concello porque non nos parece xusto.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** O de non lle vamos a solucionar a papeleta ao Consorcio.. eu creo que a quen lle estamos solucionando os problemas é aos noso fillos, non ao Consorcio. Non creo que sexa unha irresponsabilidade usar o diñeiro de algún plan ou do propio Concello para un tema de climatización despois do que están pasando os rapaces e as queixas que houbo.

Non é a primeira actuación que se fai na Galiña Azul, concretamente outras solicitudes que nos fixeron, como ben di a compañeira Marina levou Benestar Social e levou tamén Educación, e outras peticións que se fixeron da Galiña Azul pois se fixeron e do CRA. Eu entendo que hai prioridades e hai que xestionar e facer as cousas ben e non estar tan pendentes de me toca non me toca, tócalle estar pendente das necesidades. Eu entendo que o primeiro responsable é o Consorcio pero tamén entendo que actuamos moitas veces cando non temos competencias e actuamos para resolverlle os problemas dos nosos veciños, é máis, que é o que queren os veciños e para iso nos poñen aquí.

Eu creo que un tema tan grave como que estean rapaces a máis de 30 grados, sobre todo na Galiña Azul que tamén están escolarizados en pleno verán, que non é como no CRA que están ata mediados de xuño, polo menos a Galiña Azul que é un lugar que están once meses de doce pois se debería solucionar. Tampouco estamos a falar dunha inversión importante, as veces os plans da Deputación se ao mellor se chega a un consenso co resto de Concelleiros da Corporación ao mellor saen estas ideas que poden facerse as cousas a tempo. Non se lle está pedindo que faga algo non necesario.

Recordo un caso que o temos todos presentes, seguimos sen ter accesibilidade ao Centro de Saúde. Seguimos subindo cos rapaces polas escaleiras e unha persoa que veña de fora en cadeira de rodas se non trae a un acompañante para que o meta para dentro xa non pode entrar, entón eu creo que hai prioridades. As sendas son marabillosas, é un orgullo telas e outras moitas cousas pero as veces hai que darlle prioridade e darlle solución aos problemas reais que teñen os veciños e facelo canto antes. Creo que non estamos pedindo unha gran inversión e creo que non é algo totalmente imposible de realizar. Co cal nos mantemos a moción tal e como está e se non a queren votar pois cada quen coa súa opinión.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Eu creo que temos algún caso onde o goberno municipal investiu, incluso en propiedades que non son do ente municipal, onde a competencia non era do goberno municipal e se executaron. Cremos que todos temos na mente a execución do carril bici, é unha estrada provincial, de titularidade provincial onde debería ser a Deputación quen executara esa obra pero sen embargo o fixemos a través de fondos que a Deputación nos concedeu polos Plans Provinciais e se executou todo aquilo que viu a posteriori e que seguimos dicindo que esa obra é moi mellorable, moi perigosa e o tempo dirá o que se fai con ela.

Eu creo que é bo reclamar melloras, todo o que sexa bo para a maioría de cada un de nos e sobre todo para os cativos, polo tanto, se a Consellería tendo a competencia de instalalo ou viceversa, se é do Concello pois que se instale e que se faga. Nos vindeiros días vaise instalar o aire acondicionado na aula de Fontán a través de fondos provinciais que nos habíamos reclamado no seu momento é o goberno tivo a ben metelo nese plan, polo tanto o importante é que se faga esa mellora na Galiña Azul, que se reclame a Consellería, incluso se se nega que negocien vostedes coa Consellería a través de que vostedes executen a obra e logo lle compensen.

O importante e facer e mellorar esa aula da Galiña Azul, polo tanto nos estamos a favor de que se instale e tamén a través de diferentes alegacións aos Orzamentos municipais presentamos reiteradamente a mellora de climatización das diferentes aulas e é certo que nunca se meteu o da Galiña Azul, por tanto estou de acordo coa Moción e o noso voto vai ser favorable.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Un apunte breve, porque igual antes non o expliquei suficientemente ben ou non quedou claro.

Me gustaría que non utilizáramos a frase de non é por salvar a Xunta é por salvar aos nenos iso creo que sobra, agora solo aclarar o que dixen antes, nos vai chegar unha liquidación importante, porque o modelo de xestión mudou, bueno máis que mudar nunca se aplicou e agora o van a

aplicar e nos ata agora chegabamos a fin de ano e tiñamos que xustificar uns gastos na Galiña Azul, había que chegar a un 30%, e ,efectivamente, había veces que íamos moi xustos e lle dicíamos vamos facer esta mellora para chegar.

A diferenza é que agora nos van a reclamar dende os últimos catro anos, está a punto de chegar. Ten que reunirse a Comisión de Valoración e hai dúas opcións: ou nos van a reclamar dende os últimos catro anos, 1.500€ por neno por ano, estamos falando de 61 nenos, 1.500€ se o Concello se desentende do edificio, se non fai ningún tipo de mantemento ou 900 se o Concello segue asumindo ese mantemento. Evidentemente , non nos van reclamar os 1.500€ dos catro anos porque si houbo ese mantemento pero a partir de agora si, vai chegar esa reclamación dos últimos catro anos, entón ahi é onde cambia a cousa, non é o mesmo que o Concello vaia a facer un desembolso importante para manter a Galiña Azul a partir de este momento falamos de 1.500€ ou 900€, dependendo do acordado e ao mesmo tempo que asumamos ese custe importante que asumamos obras que non son da nosa competencia, creo que ata o de agora era un pouco flexible e un pouco mellorable, creo que con esta situación non, non podemos ter unha factura de moitos miles de euros e enriba asumir as competencias que son do Consorcio. Esa é a diferenza , insisto. Efectivamente estamos pondo calefacción en Fontán, pero bueno é un edificio municipal e tamén lle imos a cambiar o tellado.

Creo que é un dato importante, o Concello vai ter que aportar moitos miles de euros para este edificio, creo que non deberíamos asumir competencias que non nos corresponden.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu sigo insistindo, que haxa que facer un desembolso non deixa de ser necesario a climatización alí, co cal eu sigo mantendo a postura que traemos aquí. Tamén recordarlle que a climatización en Fontán, ao igual que fixo Marina cando levaba ensino, é verdade que son edificios municipais, o centro de Saúde tamén é edificio municipal e seguimos igual sen ter o acceso, discriminamos os edificios municipais segundo a súa necesidade. Volvo ao mesmo, ao tema que estamos, os rapaces non poden estar así e hai que tomar medidas canto antes. Que consigan formulas de financiación co Consorcio, que se xestione para resolvelo canto antes e que esta situación non volva a acontecer e ese é o sentido da Moción que creo que é onde nos debemos centrar todos, nada máis.

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Gustaríame entrar no fondo político desta Moción ten un contido político que non se pode obviar, das dúas peticións que fas, a primeira é a que hai que facer e a segunda e totalmente improcedente, a segunda parte correspóndelle ao PP planteala , non lle corresponde ao PSOE.

¿Cómo vas instar ao Goberno municipal a facer obras, a facer dotacións nun centro educativo que é competencia exclusiva da Xunta? A Xunta é a que recada os impostos para dotar aos centros educativos do equipamento necesario, non é o Concello o que recada os impostos. Xa fixestedes o mesmo co Centro de Saúde, sempre tirando contra os veciños de Salceda, o que hai e que esixirille a Xunta que é quen ten que facelo, que o faga. Non é o Concello. Isto que o presente o PP está ben, instar ao goberno municipal que asuma o custe de instalación dos equipos. As dotacións en materia educativa e sanitaria correspóndelle exclusivamente a Xunta de Galicia, que é a que

ten os fondos e a que recada os impostos para estes menesteres. Non lle corresponde aos veciños e veciñas de Salceda, non sei porque pos isto aquí. Está colaborando, non sei se de forma activa ou por ignorancia co PP, este é un asunto do PP, un socialista non pode ir en contra da educación pública, un socialista ten que ir a favor do ensino público e dunha dotación necesaria e suficiente, iso é o que teñen que facer os socialistas, entendo eu, non pedindo ao Concello que vaia amañando as cousas da Consellería.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu teño que agradecerlle a lección ao compañeiro de Movemento Salceda, debín perderme a clase cando saín elixida concelleira pero non te preocupes a partir de agora cando traíamos unha moción pasámola primeiro polo Concelleiro de Vías e Obras e nos dirá se é ético ou non é ético.

Volvemos ao mesmo, dependendo de como nos atopemos xestionamos competencias que non son nosas e cando nos parece que a petición ven do PSOE, non atendemos a temas que non son nosos. Eu insisto, repito e volverei a repetir en futuras ocasións, hai que xestionar para os veciños de Salceda, as competencias son importantes, as marca a lei e cada un ten a súa competencia pero moitas veces se extralimita das competencias conforme fixo a Concelleira da forma de xestionar o diñeiro, pois se un se extralimita das competencias ou igual que se instalou noutro sitio un toldo porque o demandaba a Galiña Azul no seu día, e se instalou porque consideramos no goberno que participabamos que era importante, que era necesario e incluso, vou máis ala, se fixo unha modificación de crédito para poder levalo a cabo, pois eu creo que un tema de climatización é necesario.

É unha obriga do Consorcio pero se o Consorcio non se fai cargo, nós como administración directa teremos que darlle solución ao problemas que teñen os rapaces que están a máis de trinta grados nas aulas.

Eu leccións sabedes que as acepto e sábeno de sobra, pero que me veña a dar agora o Concelleiro de Vías e obras unha lección sobre o que debe facer o PSOE nun Pleno pois desculpa pero non a vou a admitir.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Simplemente dúas aclaracións. Primeiro, a democracia é como é e a representativa máis, que mo veñan a dicir a min que despois de gañar as eleccións o PSOE deulle o goberno a un partido que tamén perdeu as eleccións, a democracia é así e polo tanto respetemos.

O que non vou a consentir señor Concelleiro de Vías e Obras e esa actitude de desprezo cara este grupo municipal. Lle pido a vostede o mínimo de educación cando se refira a este grupo igual que nos a temos cara vostede, polo tanto, non lle vou a permitir que fale con desprezo a este grupo, porque o que vostede acaba de mencionar fai un momento califica a quen as dixo, nada máis.

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Digo eu que non sei o que lle ofendeu. Se mo explicas pedireiche desculpas.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Se vostede non sabe o que di, mal vamos.

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Eu sei o que digo perfectamente o que non sei é o que te ofendeu.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** A ver se comezamos a diferenzar as cousas. Hai edificios públicos municipais que están cedidos con distintos convenios, contratos e demais.

A Galescola é un edificio municipal, si a Galescola que é a que aparece no convenio en vigor do ano 2008 que se asinou coa Vicepresidencia da Xunta, se cedeu e o Concello so asumiu o 30% dos gastos de mantemento. Edificio municipal, xestión da Xunta a través dun convenio asume unha parte que non ten que ver coa ornamentación.

Por outro lado o Edificio do CRA. Edificio da Xunta de Galicia, o Concello cedeu 3.000m<sup>2</sup> para edificar ese edificio ala polo ano 1996, edificio propiedade da Xunta de Galicia para facer a ESO, polo tanto o Concello non ten que investir ni un so euro alí.

Terceira cuestión, Fontán e o resto das unitarias excepto a unitaria de Entenza, que como sabedes e propiedade da Sociedade Hijos de Entenza dende o ano 1933 onde se asinou un contrato de aquela e a través de certas modificacións e asumir certos gastos nos últimos anos se pactó coa Comunidade de Montes actual copropietaria do edificio. O resto son, aulas unitarias municipais, cunha educación infantil.

Centro de Saúde, edificio municipal do ano 85, contrato de aluguer ano 88, modificado fai catro ou cinco anos e ademais nese contrato, como Verónica sabes perfectamente, se che dixo por activa e por pasiva, cho dixo o SERGAS, cho dixo o Conselleiro en Alcaldía é competencia deles e non nos van a permitir facer ningunha obra que incumpra toda a lexislación actual urbanística e arquitectónica, quen manda nas obras que hai que facer e se cumpre a normativa é o SERGAS , non é o Concello.

Repito, a través dun contrato que está no arquivo municipal do ano 89, onde o Concello asumía o mantemento daquela. A día de hoxe a Xunta está incumprindo a lexislación estatal, entón non comparemos allos con cebolas, non porque o edificio sexa municipal ten que asumir competencias que lle son impropias. No caso da Galescola é un edificio municipal cun convenio asinado no 2009 onde nos asumíamos o 30% do custe de mantemento.

E remato, o Concello non vai asumir nin facerlle o caldo ao goberno do PP na Xunta de Galicia e que os veciños e veciñas de Salceda paguen dos seus impostos temas que non nos competen, así de simple. Igual ca ti, Verónica, supoño que non lle pagarás as facturas de mantemento do teu veciño, a non ser que queiras, pero en principio non lle vas a pagar os gastos do veciño, non tes ningunha obriga, nin obriga legal nin lóxica. Dende logo exprimiremos ata as ultimas consecuencias que aqueles que teñen que pagar os custos que o paguen e non apanden os veciños e veciñas de Salceda , nesta e en calquera outra cuestión ese é o principio básico por iso estamos de acordo coa primeira parte da moción.

Se non é facerlle o caldo a un PP en Galicia, que non so, como dicía o compañeiro, está botando abaixo as conquistas acadadas nestes últimos anos no ámbito sanitario e educativo e de benestar

social por suposto, asumindo ademais, esa teoría e esa estratexia do PP, que é o escaceo sistemático das súas competencias, tanto diante do Estado, que tamén é do PP, enviándolle ao concello competencias que non lle son propias, é sinxelo.

Se a iso lle sumamos que este tipo de investimentos van ao capítulo 6 de investimentos, despois cando hai unha urxencia vostedes votan en contra no Pleno, facendo o que non facían durante os oito anos anteriores, pois xa me dirás a coherencia do PSOE e temos outra moción por ahí que xa falaremos dela que parece máis unha moción propia de Ciudadanos ou do PP que dun partido que se denomina de esquerdas pero bueno diso xa falaremos.

Comparto a opinión de Miguel, facerlle o caldo a Xunta de Feijoo, despois de haber estado no goberno municipal durante oito anos e vostede como a asesora deste goberno é a incoherencia absoluta.

Polo tanto, a primeira parte da moción xa agotamos esa vía, seguiremos esgotando esa vía e quen o teña que facer que o faga e mentres tanto do goberno municipal de Salceda e os veciños de Salceda, dos seus bolsillos non vai saír un euro que non sexa da nosa competencia.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu repito un par de cousas. Xa se fixeron ese tipo de inversións tanto nas Aulas do CRA como na Galiña Azul, o PSOE cando xestionaba a Concelleira Marina Cabaleiro a área de benestar social xestionou investimentos de este tipo, por por un exemplo: un toldo na Galiña Azul co visto e prace do señor Alcalde, cando queremos si e cando queremos no. As necesidades seguen ahí, sexa de quen sexa a administración.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Simplemente aclararlle, porque ultimamente se obceca e, independentemente o goberno do PP é un goberno de todas e todos os galegos, non se lle olvide.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Eu reclamo o que debe de ser en defensa dos veciños e veciñas de Salceda, pasamos a votación, creo que está perfectamente debatida esta cuestión.

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aproba a mesma por OITO VOTOS A FAVOR do Sr. BESADA PÉREZ, do Grupo Municipal de Movemento Salceda, e das sras concelleiras TOURÓN DOMÍNGUEZ e LEDO SOUTO, do Grupo municipal do PsdeG-PSOE e os sres./as concelleiros/as GONZÁLEZ SOUTO, NÚÑEZ TRONCOSO, RODRÍGUEZ DAVILA, VALCÁRCEL BERNÁRDEZ e GONZÁLEZ RODRÍGUEZ do Grupo municipal do Partido Popular; e CINCO votos en contra da Sra. PÉREZ PÉREZ, CASTIÑEIRA ALÉN, GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PÉREZ GONZÁLEZ e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, do Grupo Municipal de Movemento Salceda, adoptando o seguinte acordo:**

-Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a que instalen sistemas de climatización na escola infantil A Galiña Azul e nas aulas do CRA Raíña Aragonta que aínda non dispoñan dela.



-Instar ao goberno municipal a que asuma o custe e a instalación destes equipos no caso de non facelo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social, a través de fondos propios ou a través de plans subvencionados por outras administracións.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Si xa sei, despisteime na votación, a todos nos pode pasar. Pasamos a seguinte Moción.

**SEGUNDA MOCIÓN:** presentada o día 29/06 con nº 2017-E-RC- 3842 de MOVEMENTO SALCEDA.

**PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS):** Moi boa noite a todos e a todas, paso a ler a moción:

A Dirección Xeral de Mobilidade presentou o Anteproxecto de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada por resolución do 29 de maio de 2017, publicado no DOG o 30 de maio de 2017. No Anexo aparece o Anteproxecto XG-521 “Salvaterra de Miño-Vigo con anexos”, liña esencial e estratéxica de mobilidade no Concello de Salceda de Caselas coa Área de Vigo e Portugal.

Dentro dos Anteproxectos publicados para a exposición pública da Xunta de Galicia, os que afectan á área de Salceda son o XG-521 “Salvaterra de Miño-Vigo con Anexos” que é o que da servizo principalmente ao Casco urbán, o XG-522 “ A Cañiza-Vigo con anexos” que acolle O Coto (A Picoña), Vendanova e Bouzavedra (San Xurxo), e o XG-524 “Soutomaior con Pontevedra e Vigo con anexos” que acolle principalmente a zona do Cerquido (Sto Estevo de Budiño).

O Concello de Salceda de Caselas conta na actualidade cunha poboación de 9.012 habitantes (datos do 1 de xaneiro de 2017), sendo a media de idade do municipio de 39 anos, cun medre dun 38% nos últimos 18 anos.

O eixo Salvaterra/Salceda/O Porriño é transfronteirizo e estratéxico nas comunicacións con Portugal, a través do paso fronteirizo con Monção polo que non se entende como, lonxe de potencialo, se discrimina neste Anteproxecto, máxime ademais cando o proxecto empresarial da PLISAN de Salvaterra bascula precisamente por este eixo directo a conexión cos polígonos da Louriña (O Porriño e Mos).

O 4 de marzo de 2015 o Concello de Salceda asinaba coa Consellería de Medio Ambiente o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo co obxectivo de establecer as bases de colaboración para a aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros na Área. Na Cláusula III do Convenio fálase de actuacións de fomento do transporte público e “pretendese a mellora da oferta de transporte público creando corredores metropolitanos de altas prestacións”. Dentro do Plan de Transporte Metropolitano, a conexión entre Salvaterra, Salceda e O Porriño constitúe un eixo vertebrador fundamental dentro do Plan de Transporte Metropolitano: a proposta de Anteproxecto fire gravemente este corredor, reducindo nun 50% as frecuencias actuais.

Por outra banda estase a incumplir a palabra dada na xuntanza mantida en Vigo entre cargos da Dirección Xeral de Mobilidade e Alcaldes e Alcaldesas, nas que se nos garantía nesta primeira fase, e a expensas do Plan de Transporte de Galiza definitivo para o 2019, que se ían manter as liñas nas súas condicións actuais neste período transitorio que comezaría, en teoría, no mes de agosto. Nesa xuntanza achegóusenos un cuestionario de participación inicial para entidades locais.

O Concello de Salceda con data 06/02/2017 fixo chegar unha serie de propostas (sección D):

-Modificación da liña Salceda-Salvaterra-Vigo: ampliación de horarios na ida e na volta engadindo mais frecuencias entre as 6:00 e as 21:00h e de volta entre as 7:30 e 21:30h.

-Cambiar a liña que sae ás 7:50h de Salvaterra para que remate no Hospital Álvaro Cunqueiro.

-Modificar a liña Salvaterra- Salceda -Tui para engadir frecuencias en horario de tarde e engadir parada en Parderrubias.

-Por outra banda, propúñase a creación dun novo servizo de luns a domingo dunha ruta circular Vigo-O Porriño- Salceda- Salvaterra- Pontareas- Vigo cunha frecuencia de unha hora nas súas rutas.

Ningunha destas peticións se tivo en conta.

Na actualidade contamos cunha liña de frecuencia de autobuses de media de dúas horas (horario entre as 6:00-20:00), con conexión a Vigo, claramente deficitaria e denunciada xa por parte de moitos usuarios e usuarias, que demandan unha maior frecuencia de liñas. Unha mellora nos horarios de ida e volta, permite aos pasaxeiros unha maior comodidade e mobilidade, e optar polo servizo público de transporte.

Un dos servizos de liña máis demandados, é o que se fai na actualidade coa liña que vai ao Hospital Álvaro Cunqueiro: que conta cunha frecuencia aproximada de viaxes cada dúas horas (entre as 6:00 e as 20:00), precisamente coa posta en marcha do novo Hospital a Dirección Xeral de Mobilidade executara o compromiso de reforzo da mobilidade nas liñas existentes e creación de novas que con este Anteproxecto se eliminan sen ningún criterio.

Neste novo plantexamento de liñas non só reducen máis do 50% das liñas que tiñamos dende o Centro da vila da Esfarrapada (parada Devesa), do que eliminarían as 8 liñas actuais de Luns a venres para deixar so 4 liñas, das cales, só unha liña vai ao Hospital Álvaro Cunqueiro, con saída dende As Neves ás 6:10 da mañá, horario totalmente desacertado, tendo en conta que as citas no hospital comezan ás 9:00. O único autobús que sae dende o Hospital Álvaro Cunqueiro cara a Salceda ten a súa saída ás 12:30, polo que unha persoa que teña cita no hospital despois desa hora non ten forma de regresar a través do servizo público de transportes.

Tamén se eliminan as que tiñan o seu paso pola Universidade de Vigo, e que son utilizadas polos estudantes de Salceda e da comarca para poder acceder ao Complexo Universitario e regresar ao concello ( liña imprescindible xa que hai moitos xóvenes que estudan alí e carecen de medio de

transporte propio), ademáis das liñas do Meixoeiro, que facilitaban o uso por parte dos estudantes que están cursando estudos nos distintos centros de ensino, do mesmo xeito que o transporte dende o Complexo Hospitalario.

Tamén supón a eliminación de servizos directos con Vigo, incrementado o tempo no autobús en 40 minutos, para poder chegar ao destino.

Aclaremos a situación actual de autobuses (a que agora mesmo se está a realizar dende o Concello de Salceda de Caselas) e a proposta do anteproxecto da Xunta de Galicia que contempla unha redución superior ao 50% no noso Concello (autobuses que saen dende o centro da vila, parada de autobuses da Devesa).

ITINERARIO	HORARIO AUTOBUSES ACTUAL	ITINERARIO	ANTEPROXECTO LIÑAS
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	6:55	SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	6:30
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	7:50	DESAPARECE	
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	9:55	DESAPARECE	
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	11:20	SALCEDA-VIGO	12:20
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	14:55	DESAPARECE	
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	15:10	DESAPARECE	
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	18:00	SALCEDA-VIGO	17:20
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	20:00	DESAPARECE	
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	SÁBADOS 7:40	SALCEDA-VIGO	SÁBADOS 8:20
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	SABADOS 14:40	DESAPARECE	
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	DOMINGO 9:30	SALCEDA-VIGO	DOMINGOS 8:20
SALCEDA-VIGO-H. CUNQUEIRO	DOMINGO 14:40	DESAPARECE	
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	9:00	VIGO-SALCEDA	8:00
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	11:15	DESAPARECE	
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	12:15	H. CUNQUEIRO-SALCEDA	12:30
VIGO-SALCEDA	14:30	VIGO-SALCEDA	14:00
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	16:15	DESAPARECE	
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	18:15	DESAPARECE	
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	19:15	DESAPARECE	
VIGO-CUVI- SALCEDA	20:00	VIGO-SALCEDA	20:00
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	20:55	DESAPARECE	
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	SÁBADOS 12:15	DESAPARECE	
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	SÁBADOS 18:15	DESAPARECE	
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	DOMINGOS 11:15	VIGO-SALCEDA	SÁBADOS 20:10
H. CUNQUEIRO-SALCEDA	DOMINGOS 21:30	VIGO-SALCEDA	DOMINGOS 20:10

En base a isto queremos demostrar a disconformidade do Concello de Salceda co Anteproxecto publicado no DOG o 30 de maio do 2017, no cal se está a realizar unha eliminación do servizo moi elevada, nunha vila que ten o cremento poboacional mais elevado de Galicia e que está dentro do Plan de Transporte Metropolitano (Área Metropolitana de Vigo). A incorporación de Salceda no Plan de transporte Metropolitano supuxo un gran avance e incrementou o uso do transporte

público, a través da redución do custe do billete do autobús, o obxecto do convenio asinado era mellorar as conexión de transporte para os usuarios; todo o contrario é o que reflexa o anteproxecto.

Especialmente grave dentro do propio Plan, é a eliminación de liñas ao Hospital Álvaro Cunqueiro, ao que xa viñamos solicitando unha mellora na comunicación. Sen embargo no Anteproxecto empeorase substancialmente o servizo, o que como consecuencia fai imposible o seu uso para moitas persoas.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo Municipal de Movemento Salceda propón ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción do seguinte acordo.

- Instar á Dirección Xeral de Mobilidade á modificación do Anteproxecto de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, mellorando a frecuencia de liñas existentes actualmente no eixo Salvaterra de Miño - Salceda de Caselas- Vigo, reforzando O Porriño como municipio "lanzadeira"
- Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia .

Como vedes é un documento extenso pero moi importante, porque nel ven detallado que é o que neste plan se quere facer, o que se está propondo e o que se quere anular destas liñas de transporte.

É algo moi importante porque Salceda ten unha alta conexión como se di aquí con diversos municipios e con isto seguro que non conseguiríamos unha liña de transporte de calidade e porque é imposible ir con este tipo de horarios, te limita moitísimo a dependencia de outros medios de transporte, non consigues chegar aos sitios que queres e non podes regresar, co cal creemos que é moi importante incidir neste anteproxecto e que non siga cara diante.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS). Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.**

Ben, pasamos ao debate, grupo Popular.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Como todo, é interpretable, opinable, e mellorable pero no fondo, o que se solicita deste Pleno é o acordo pois este grupo está de acordo, porque o que estamos solicitando e máis e mellor transporte público iso non significa que todas as exposicións que hai na exposición de motivos sexan certas nin que as compartamos pero si o acordo final que vai tomar a decisión este Pleno pero por pedir que non sexa, como se soe dicir, pero como todo na vida, hai que xestionar os recursos e facer efectivos e viables todos os servizos que poñamos en marcha.

Temos claros exemplos no noso Concello, xestionados polo goberno municipal, nin todo o que di a Xunta ten razón nin todo o que di este grupo municipal a ten, o que o goberno solicita é viable e que poida ser aceptable non significa que parte do que aquí se expón na exposición de motivos non sexa aceptado ou tido en conta.

O que si tamén me gustaría, e fago un chamamento neste Pleno, en nome deste grupo municipal, que nos gustaría nun tema tan importante como é o transporte público, poder participar a través dunha comisión e nos informen das diferentes reunións que asista o representante do goberno municipal para que entre todos intentemos ter unha postura común en defensa do beneficio de todos os veciños de Salceda, isto é o que eu pido no nome de este grupo para que Salceda teña unha posición común e a defendamos ante o órgano de debate constituído a tal efecto.

Resumindo, non estamos de acordo ao 100% coa exposición de motivos, algunha das cousas que se están decindo aquí son falsas, non é verdade que se vaian a reducir o 50% das liñas. É certo que se vai a reducir parte delas pero si e certo que se complementarían con outras novas e non é verdade nin sustentable, viable, o que se pide da liña circular que queda moi ben e sería fantástica, pero nos horarios que se piden é inviable mantela todas as horas que aquí se solicitan pero resumindo e indo ao importante, estamos de acordo coa petición final que é a mellora do transporte e que se considera a O Porriño como nudo fundamental de lanzadeira, polo tanto o noso grupo vai votar a favor desta moción.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Grupo socialista.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Pola nosa parte, non temos máis que engadir ao que é o texto da moción, por suposto imos votar a favor da moción, todo o que sexa mellorar o transporte, mellorar a vida dos nosos veciños vamos apoialo, veña do PP ou neste caso de Movemento Salceda.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Como todos sabedes levamos dúas semanas de folga, martes e mércores isto ven dunha sentenza do Tribunal superior de Xustiza de Galicia dun proxecto do actual goberno, pero sobre todo emana dunha directriz europea que botou abaixo ese vicios dos últimos cincuenta anos en Galicia de que as concesións se foran renovando tacitamente por parte das liñas. Liñas como as de Salceda e outras tantas que estaban deseñadas pensando na Salceda dos anos sesenta e que hoxe no caso de Salceda polo medre da poboación, o estar na Área Metropolitana e o estar na área do pulmón económico e social do país e tamén ao estar nunha área transfronteiriza, non responden as necesidades actuais.

É a primeira vez en cincuenta anos que a patronal e os sindicatos están de acordo, é a primeira vez en cincuenta anos que hai un seguimento da folga do 100%, e case unánime por parte dos Concellos o noso posicionamento en contra deste anteproxecto, sobre todo porque se incumpre a palabra dada, neste caso o da área de Vigo na xuntanza do 31 de xaneiro coa Conselleira e a Dirección xeral de mobilidade.

O outro día tivemos unha xuntanza aquí, parte dos alcaldes da Área, incluídos alcaldes do PP onde amosamos a nosa disconformidade e o Concello de Salvaterra e de Salceda xa presentamos alegacións que están xa en poder do Director Xeral de mobilidade co cal eu tiven contacto en Compostela do mesmo xeito que tiven coa empresa que redactou este anteproxecto, que por certo é a mesma que redactou o proxecto da Área Metropolitana de Vigo.

Polo tanto é certo que é un anteprojecto de ahí ven a presión, é certo que hoxe a maña as 12.30 tiñamos unha xuntanza coa propia Conselleira na Cañiza os concellos da área que se suspendeu, sabedes que en principio decidiron tomar negociacións, entendo que esa é a cuestión principal, así se nos fixo saber ao longo da tarde que ese fora o motivo principal desa suspensión da xuntanza con Ethel Vázquez, a Conselleira coa que tiveron a oportunidade de falar deste tema e de outros, e especialmente grave no caso de Salceda e Salvaterra porque como dicía o plantexamento, fire gravemente un corredor estratéxico que esta no Plan do transporte da Área Metropolitana de Vigo, máxime cando esperemos que antes que tarde a PLISAN de Salvaterra arranque, máxime cando se están reforzando e facendo estudos viables cos concellos do norte de Portugal neste caso Monçao e basicamente cando ademais temos unha poboación nova e lle guste ou non a moitos, o eixo de Salvaterra a O Porriño- Vigo é o punto máis curto e por moito que fagan autovías en a xente no futuro e no presente van a pasar por aquí, que llo digan a R, que llo digan a Gas Natural cando conectaron este eixo, por suposto está no plan de transporte da área metropolitana e polo tanto non entendemos que se vai encontra, pero o que é máis grave e que non se manteña si é provisional ata 2019 as liñas que hai actualmente.

É certo, o que acaba de apuntar Santiago, que no seu momento, se nos pediu que aportáramos opinións e solucións para o futuro e presente de Salceda e nos falamos do aumento de frecuencias, de lanzadeira directa As Neves- Salvaterra- Salceda- O Porriño, para nos e básico ese eixo. Evidentemente sabedes todos que en Porriño hai conexións que veñen do Baixo Miño, de Tui e outras conexións que veñen de Ourense ou Madrid, en fin, de todo o país, polo tanto, chegando a O Porriño temos unhas posibilidades reais.

Cando foi a apertura do hospital Álvaro Cunqueiro, hai que recoñecer que se puxeron as pilas dende a Xunta de Galicia, reforzaron esas liñas e fixemos presións e se reforzaron esas liñas e agora resulta que esas liñas que se reforzaron fai uns meses agora se botan abaixo.

Hai unha idea básica e non é inviable, de feito as propias empresas de transporte que operan actualmente no Condado a avalan, esa liña circular, dobre circular que no futuro máis inmediato conecte Pontearreas- Salceda- Porriño e viceversa, as empresas que operan nese territorio avalan a súa viabilidade, son lanzadeiras directas, interconectan todo o Condado, esta avalada ademais pola Xuntanza de Alcaldes que tivemos aquí o luns, onde conectarías todo o eixo do Tea con Pontearreas, o que queira vir para Salvaterra ou para Salceda pode conectar con ese eixo, conectarías toda a Paradanta e A Cañiza a través das liñas regulares que xa existen, conectarías todo o eixo do Miño dende Crecente, conectarías o eixo de Tui a través do Porriño.

Repito as empresas de autobuses da comarca que coñecemos todos e todas, avalan esa liña circular, que ademais no transporte metropolitano, non se avanzou máis está previsto que se aumenten os Concellos que xa o solicitaron, que tamén se beneficiarían da tarxeta e da bonificación que pagamos os Concellos e a Xunta de Galicia. Porque ademais a utilización da tarxeta está por enriba das expectativas e en Salceda se multiplicaron o número de viaxes desa liña, imaxinádevos se hai lanzadeiras.

Que os transportistas e a federación de transportistas estean de acordo coa folga e recoñecen que isto é un despropósito, avalen unha folga con case o 100%. Cun 100% creo que a ninguén lle quedan dúbidas do despropósito.

Por outra parte, que vai ser a revolución, que xa está aquí e que a UE está enviando fondos FEDER, e nos en Salceda conseguimos meter un proxecto de 2km de senda peonil e carril bici dende a Esfarrapada ata o IES de Parderrubias, avalado con fondos europeos, avalada para sacar CO<sub>2</sub> que por desgraza estes últimos días esta pasando no sur de Europa, no sudoeste de Europa e eses fondos veñen precisamente, para eliminar o vehículo de tráfico rodado y melloralo transporte público.

Este Plan de Transporte de Galicia, tamén vai encontra e fire as estratexias que dende Europa se están levando a cabo para eliminar o efecto invernadoiro e outras cuestións vinculadas ao medio ambiente.

O sabemos todos, este é un órgano de consenso o Pleno é o máximo órgano de toma de decisións por parte dos grupos municipais que representan a poboación de Salceda. Se trae aquí, débátese e se estamos de acordo nos xa o fixemos como goberno municipal, xa o fixemos a través das canles establecidas co resto dos Alcaldes e dos Concellos afectados por este tema, falamos directamente coa propia Dirección Xeral e agora o que toca e tamén reforzar, neste Pleno, estamos en prazo, o ante proxecto aínda non se levou a cabo, reforzar esa posición, se despois o pobo de Salceda e os grupos municipais que o representan e os colectivos sociais, deciden tomar medidas de presión a maiores en base a ese resultado final, non teremos ningún problema en falalo, porque creo que é unha cuestión moi importante.

Non vou entrar agora en valoracións de cal é a estratexia real, porque o veremos proximamente, pero bueno, están en xogo, cando menos neste anteprojecto, entre 1.000 e 1.500 postos de traballo.

Hai un tema gravísimo, que ademais non se explicou aínda nin saben como van a executalo que é o tema do transporte escolar, converten aos nosos fillos e nosas fillas en usuarios do transporte escolar, elimínase o transporte escolar de facto e se converten en usuarios. En Salceda é máis grave, os autobuses de Salceda van cheos, non hai posibilidade tampouco de que os veciños poidan utilizar esas liñas de transporte escolar, xa non a podería utilizar co "Tes máis bus", no caso de Salceda non é posible.

Logo hai outros casos que están perdendo poboación, falo do caso de As Neves, o propio concesionario fixo unha optimización de recursos que tamén leva no transporte escolar os autobuses cheos. Non é so no noso caso, que é moi claro que van cheos pero noutros concellos que supostamente teñen menos poboación escolar tamén é. Non se explica, se fala de que cada neno tería unha tarxeta, non se nos explicou porque non o sabemos é un brindis ao sol cun único obxectivo, o transporte escolar lle custa a Xunta de Galicia 120 millóns de euros. Hai un segundo obxectivo, que queden dúas empresas de transporte no país, Monbus e Arriva. Cargarse como sempre as pequenas empresas e históricas que hai no país, entón eu creo que por aí van as

cuestións de fondo, en todo caso son outras batallas. As patronais están defendendo os seus intereses e os sindicatos tamén e ademais están de acordo por primeira vez en cincuenta anos.

No que a nós respecta, ademais da defensa do transporte público, máximo nun país coma o noso, cunha poboación diseminada o que temos que defender que partindo das frecuencias actuais que tanto traballo nos custou poñer en marcha, non perdela e traballar e apostar no caso de Salceda por reforzar ese eixo e polo tanto reforzar as frecuencias, iso supoño que estaremos todos de acordo.

**PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS):** Santiago, o que comentabas de que non é verdade que exista unha redución do 50% a min gustaríame que comentaras cal é esa redución porque eu me lin os 3 Plans e estiven facendo a comparativa e extraendo os datos que me din dende a Devesa, onde todo o mundo soe coller o autobús en Salceda, veñen todos ao centro, me saen estes datos. A miña sorpresa claramente e digo igual está mal, igual eu estou interpretando mal, chamo a mobilidade e si me corroboran eses datos. Si me gustaría se ti tes o dato certo que o facilites.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Por iso na miña exposición dixen que estando de acordo co que este Pleno vai a acordar, polo que vexo, por unanimidade, non compartimos a exposición de motivos ao 100% e me refiro as afirmacións que no mitin acaba de facer o Alcalde que acabamos de escoitar respecto de moitas afirmacións que fixo e que pretende vender.

Mire, non é certo que todos os autobuses de transporte escolar que veñen ao colexio Altamira veñan cheos, o que pasa é que cando vostede chega a Salceda, os autobuses acaban de deixar aos nenos na porta da escola, vostede como chega a Salceda a partir das dez da mañá, xa non mira os autobuses que chegan medios baleiros, algúns deles, insisto e matizo, algúns si pero moitos non. Eu por sorte os vexo moitas mañás que vou levar as miñas fillas ao colexio e vexo como autobuses algúns grandes de cincuenta e pico prazas non veñen cheos, entón non é verdade.

Iso non significa que algúns veñan ou iso non significa que o que vamos a aprobar esteamos de acordo que se melloren as liñas, que se potencien, que se estude a viabilidade... por suposto, por iso votamos a favor desta moción pero non compartimos ao 100% a Exposición de motivos pero o acordo é o que se vai a acordar, polo tanto iso si.

En canto a que vostede dixo que nos gastamos a través dos orzamentos da Xunta 120 millóns de euros no transporte escolar é certo, o que se pretende é optimizar, o que hai que preservar e dícese ben claro, é o transporte dos nenos. Non se vai a eliminar o transporte escolar, Alcalde, non, igual que outras falacias que dixeron de moitos outros como do Hospital Álvaro Cunqueiro que logo a realidade uns anos despois demostran que eran falsas. ¿Moitas mellorables? Por suposto. ¿Con erros? Por suposto. Igual ca este anteproxecto, por iso nos imos a votar a favor de melloralo, de debatelo e cando vostede di que o Pleno é o órgano máximo de debate, por suposto. Pero ¿non sería mellor Alcalde, que antes de traer esta moción vostede ou o seu grupo nola trasladase e entre todos consensuáramos unha moción de todos os grupos para que plenamente compartísemos a Exposición de motivos e o acordo? ¿Non estaría mellor? Por iso eu



pido que se ten a ben de recoller o que eu lle plantexei no nome deste grupo de recollelo nunha Comisión ou no que vostede o considere oportuno, cambiásemos opinións e debates alí estaremos.

Non é verdade tampouco, e teño que dicilo, non teño aquí o dato exacto, me comprometo a traelo aquí para o próximo Pleno, non é verdade que se vaian a reducir o 50%. ¿Que se vai reducir? Por suposto que si, pero non o 50%.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** O meu telefono está aberto para porse en contacto comigo, o que pasa e que ou temos Comisións para todo ou non solo para o que nos interesa. En todo caso repito, o meu teléfono o tes tí e o resto de compañeiros e compañeiras a disposición as 24 horas do día os 365 do ano e ademais, estamos traballando moitas horas aquí todos os días e polo tanto, paréceme escusa de mal pagador en todo caso. Pero recollo por suposto e xa afirmei, partindo da base que o Pleno é onde se buscan consensos neste e noutros temas, o Pleno é o órgano máximo de busca de consensos se hai interese e intención de facelo.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Simplemente decirlle que como vostede comprenderá e vostede quen sabe cando son as reunións, cando se producen, nós non, polo tanto, se vostede ten que ir a unha reunión ou un dos seus compañeiros e a posición que vai manter o goberno, non é compartida cos grupos da oposición, é ao que eu me refiro.

As alegacións que vostedes fixeron a ese plantexamento en nome do pobo de Salceda como goberno que son, non foron consensuadas ao menos con este grupo, polo tanto é o que eu lle pido Alcalde. Creo que para bo entendedor poucas palabras bastan.

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobadaa por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adoptando o seguinte acordo:**

- Instar á Dirección Xeral de Mobilidade á modificación do Anteproxecto de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, mellorando a frecuencia de liñas existentes actualmente no eixo Salvaterra de Miño - Salceda de Caselas- Vigo, reforzando O Porriño como municipio “lanzadeira”
- Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia .

**TERCERA MOCIÓN:** Moción 2017-E-RC-3843 tamén presentada por Movemento Salceda.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Esta moción que trae Movemento Salceda ao Pleno intenta instar ao Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia a conseguir a gratuidade da AP-9, autopista de peaxe no treito que vai dende a fronteira portuguesa ata o intercambiador do Rebullón e paso a ler:

## **Exposición de Motivos**

O trazado da “autovía” A-55 entre Porriño e Vigo supón un exemplo de mala xestión política no trazado do vial. Este vial é unha das principais entradas á cidade de Vigo que conta cunha poboación superior aos 300 mil habitantes, así como tamén a súa conexión co país veciño, Portugal.

A elevada siniestralidade deste trazado coincidente co antigo da N-120 leva máis de 25 anos encabezando as listas de siniestralidade das estradas do estado, convertíndose nun punto negro de siniestralidade, que por desgraza, foi motivo de numerosos titulares de prensa.

Tódolos intentos de frenar a alta concentración de accidentes na A-55: mellora de asfaltado, reforzo de sinalización, limitación da velocidade a través dos controladores de velocidade (máximo 60 , nunha autovía), obras de mellora de seguridade, todas, son actuacións que non melloran o sinuoso trazado que conta con curvas de alta perigosidade impropias para un vial de alta capacidade.

Ademáis esta estrada soporta unha alta densidade de vehículos ademáis de tráfico pesado que ten unha elevada frecuencia ao ser vía de comunicación entre áreas industriais.

A todo isto hai que sumarlle o problema que sofre a veciñanza que vive cerca da estrada pola alta concentración de contaminación atmosférica e acústica.

Unha alternativa perfecta, que non derivaría nas constantes melloras que hai que facer na A-55, é a AP-9 Vigo-Tui, que na actualidade conta con baixa frecuencia de vehículos e que conseguiría desconxestionar a A-55. A AP-9 conta neste treito con intercambiadores coa A-55 en 3 puntos Puxeiros-Mos, As Gándaras-Porriño e nos seus remates de trazado de Tui. O problema é que esta autoestrada conta con puntos de peaxe.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo Municipal de Movemento Salceda propón ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes acordos.

- Instar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a acometer as negociacións precisas coa empresa concesionaria da AP-9 para acadar a gratuidade do treito Vigo-Tui.
- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia.

Quedaron expostos os motivos, está claro e é evidente que para Salceda é a vía de comunicación que temos con concello de Vigo e hai dúas opcións de pagar peaxe pola AP-9 ou ir pola A-55.

Como ben sabemos a A-55 ten o trazado que ten, soporta un tráfico elevados e rexistra altas taxas de siniestralidade no Estado español e ao lado temos unha autopista libre de circulación cun trazado moito mellor que o da autovía.

A todo isto, aforraríamos tempo ao desprazarnos ao actual hospital do Meixoeiro, isto é unha demanda que ultimamente se levou ao Parlamento de Galicia, é certo que foi aprobado por todos

os grupos e se vai a tratar, creouse unha Comisión de seguimento para levar ao Congreso dos Deputados do Parlamento español e nos, con esta moción dende o concello de Salceda vemos necesario instar a estes organismos así o fagan xa que se trata de unha autopista que goza duns privilexios que non teñen outras autopistas do estado. Recentemente acaban de recibir unha prórroga da concesión por 35 anos que se prolongará ata o 2048 e os veciños de Salceda dende logo usarían esa autopista se fose gratuíta. Hai múltiples formas, que se barallan, pode ser a bonificación, o traspaso da autopista... nos pretendemos instar aos organismos competentes, neste caso o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia a que acometan esa gratuidade.

**Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.**

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Non é preciso, porque non nos conduce a nada ver de onde ven, cando se executou, quen encargou a execución desa autovía, quen gobernaba nos diferentes concellos ao paso da mesma, quen eran os responsables do Ministerio de Fomento..iso non nos solucionaría o problema que temos e no que estamos de acordo en reclamar esa mellora e esa urxencia, tanto na mellora da autovía actual como as posibles alternativas como neste caso nesta moción se plantexa.

Eu quería facer unha trasacción de esta moción se a si o ten a ben aceptar o grupo de goberno, estando de acordo con estes dous puntos se someten a aprobación do Pleno se engadan dous:

- Instar ao Ministerio que axilice as obras que se están executando actualmente.
- Se axilicen e se liciten as obras da nova autovía o antes posible.

É dicir, sabedes todos que hai un anteproxecto dunha nova autovía que vai ir en túnel practicamente dende a curva dos Molinos ata Sárdoma e creo que esa é unha boa solución, non enlazaría toda a solución igual que tampouco solucionaría todo a libre peaxe da AP-9 que solucionaría algo por suposto que si, estamos de acordo neso pero imaxinádevos un vehículo que veña de Madrid ou de Ponteareas teña que ir cara Tui, coller a autopista e sair en Puxeiros para enlazar coa autovía actual. Polo tanto, non é a solución definitiva, insisto mellora, pero non é definitiva porque obrigas ir cara Tui collela saída no alto de Puxeiros e coller a A-55.

Desta maneira, cunha nova autovía nos levaría directamente e evitaríamos todo o que é a subida de Mos e todo o alto de Puxeiros polo tanto se estades de acordo eu engadiría estes dous puntos.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Eu podo estar de acordo no primeiro punto, que axilicen as obras de melloras da actual autovía. Pero eu non vexo o de plantexar unha terceira autovía ou autopista como lle queiras chamar. Unha terceira vía de alta capacidade, ¿é o que estas plantexando non? Eu creo que é mais viable, máis factible, liberar de peaxe a que hai e repartir os tráfico, nos os de Salceda iríamos pola autopista que hoxe é de peaxe, liberar ese peaxe pero non facer unha terceira vía de alta capacidade, sería máis custoso, entendo, e para os veciños de Salceda con esa vía nos soluciona o acceso a Vigo e ao hospital Álvaro Cunqueiro.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Nos mantemos os dous puntos e estes dous máis a maiores. Decírlle que no PXOM de Mos está contemplado esa autovía, e esa autovía vostede sabe coma min que antes ou despois se vai a executar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Por desgraza vai ser máis despois que antes.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Vale, de acordo Alcalde, podemos discutir iso, podemos ata estar de acordo niso, pero iso vaise executar, igual que a alternativa a AP-9 ata Coruña se vai executar, está contemplado. Igual que no seu momento a AP-9 no ano 75-76 se contemplaba de Ferrol a Tui se executou, é certo que se rematou no ano 2004 pero se executou, e esa vaise executar é compatible a unha coa outra e é precisa ademais, lle expliquei antes, un veciño de Salceda que teña que ir ao hospital Meixoeiro, ten que ir cara Tui, coller a autovía que sería fora de peaxe se así se consegue e ata o alto de Puxeiros sair e coller a A-55 e ir ao Meixoeiro. O trazado novo iría ata Sárdoma directamente e subirías un trozo ata arriba, é moito máis rápido. De todas as maneiras eu creo que, é o noso posicionamento, incluír as dúas cuestións porque creo que ao final todos estamos de acordo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Vale, o incluimos, pero en todo caso, o prioritario é o primeiro punto, que é o viable a día de hoxe, tendo en conta o financiamento a cargo do Estado ou fondos europeos que tampouco hai para eso.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Certo é que o máis rápido agora mesmo é o máis sinxelo e que podemos ter unha resposta e que non pasen case trinta anos como no tema da outra autovía.

Nos non temos inconvinte a que se engadan os outros dous puntos xa que temos unha moción de este tipo con este tema pois estamos de acordo incluílos. Nos cremos que a gratuidade dese tramo beneficiaría moito aos veciños de Salceda e os veciños que vamos continuamente alá é verdade que ademais estando en obras xa nos obrigamos máis a ter que collela co cal se é gratuítamente mellor. Temos constancia que colectivos empresariais están intentando negociar esta gratuidade. De feito había o sector dos camioneiros que si o tiñan pero que logo a Xunta paralizou, creo que puxando un pouco entre as Administracións, os concellos de ao lado e o mundo empresarial pois se pode conseguir algo. O noso voto vai ser a favor.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ben, se estamos todos de acordo, pasamos a votación.

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobadaa por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adoptando o seguinte acordo:**

- Instar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a acometer as negociacións precisas coa empresa concesionaria da AP-9 para acadar a gratuidade do treito Vigo-Tui.
- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia.
- Instar ao Mº que axilice as obras que se están executando actualmente na A-55.

- Instar a que se axilicen e se liciten as obras da nova autovía alternativa A-55 o antes posible.

**CUARTA MOCIÓN:** rexistro do Grupo Socialista, 2017-E-RC- 3855.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** En primeiro lugar quería dicir que entendo que traendo esta moción hoxe non se pode votar xa que pedimos informe de Secretaría e Intervención.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Deixámolo enriba da mesa.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Bueno vou ser breve, non a vou a leer a moción. Vai un pouco a razón de que hai unha sentenza do 11 de maio onde o Tribunal Constitucional declara inconstitucional determinados preceptos da norma estatal que regula o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana as chamadas Plusvalías e iso vai a levar en que moitos casos os concellos teñan que devolver o diñeiro que se ingresa por esas plusvalías e nos creemos que é importante que mentres non haxa unha nova lei que o regule con estas diferenzas, evitar que os veciños teñan que pagar unha plusvalía incluso nalgúns casos recurrido a micro-créditos para facerse cargo desa Plusvalía.

En Salceda o ingreso do ano pasado por plusvalía e case anecdótico pero se podemos tratar de evitar que un veciño teña que pagar unha plusvalía e que logo o Concello teña que devolvela nalgún caso, iso é do que trata a moción e como afecta a unha ordenanza de fiscalidade do Concello entendo eu que necesita como mínimo informe de intervención, entón os puntos da moción son: Previos informe de secretaria e intervención, derogación da ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana mentres non se modifique a lei que a regula e con efectos desde a publicación da sentenza e unha vez modificada a lei, se proceda a aprobación dunha nova ordenanza. Pouco mais, terá que quedar entón a expensas dos informes.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Pódoche preguntar, de onde sacaches esta moción? ¿Do Parlamento? ¿De algún outro Concello?

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non é do Parlamento pero se acaba de aprobar esta mesma semana nun concello veciño, presentouna o PSOE e votaron a favor o grupo do PP e BNG xunto co PSOE.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Aquí hai varias cuestións de peso, aparte do impacto para o orzamento, e non procede porque o orzamento o fago eu, e independentemente diso, parte dunha cuestión, primeiro non derogaremos o que temos mentres non haxa unha lei nova, non ten ningún sentido, e segundo, o Tribunal Constitucional non di que as ordenanzas fiscais que hai nos concellos boten abaixo as plusvalías. Non podemos derogar unha ordenanza o que será e que os que se vexan afectados reclamen e demostren que houbo unha depreciación

do seu terreo pero hai moitos outros casos en Salceda que non hai esa depreciación, polo tanto non ten ningún sentido derogar a ordenanza.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Aprobárona en varios concellos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Que aprobaran en varios concellos non significa que estea ben aprobado, pero en todo caso, esperamos o informe de Secretaría e Intervención. Reitero tamén xa dende o punto de vista das competencias que teño como Alcalde, si se chegara a aprobar este tema que impacta directamente sobre os orzamentos, polo tanto vai en contra do principio que eu teño a potestade para orzamentar, eu e calquera Alcalde no Estado español.

Deixámolo enriba da mesa para mellor estudo dos servizos técnicos.

## **D) ROGOS E PREGUNTAS**

### **PRIMER ROGO**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Hai un rogo presentado polo PP o 12/05/2017 Rexistro de entrada 2017-E-RC-2765. É un rogo que fala de trasladar o aparcamento na rúa Doutor Zunzunegui, estrada EP 2501 a marxe dereita sentido igrexa.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Manifesto que ese rogo o retiramos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pasamos as preguntas.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Hai máis rogos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Hai máis rogos? Pois sigue entón.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Mire, o seguinte metémolo o 12 de maio con N° de Rexistro de entrada 2766, o seguinte metémolo o 26 de maio con N° de Rexistro 3025 e o seguinte o metemos o 30 de maio con N° de Rexistro 3090, polo tanto, fai un mes do último presentado.

### **SEGUNDO ROGO**

O primeiro rogo, como dixen de data 12 de maio do ano 2017 con N° de Rexistro de entrada 2766 refírese a limpeza dos contedores do lixo do concello e reposición dos que se atopan en mal estado.

Manifestamos que son diversos os contedores que se atopan nun mal estado e deterioro como se poden observar nas rúas, contedores de lixo rotos e os que lle faltan as tapas e que causan un fedor desagradable o cal se verá aumentado coa subida das temperaturas. Vexase como exemplo os da rúa Lugo, amosados nas imaxes que acompañan este rogo e por outro lado, a ausencia de limpeza, polo tanto, rogamus a que se acometa a limpeza e a reposición dos contedores en mal estado por todo o noso Concello.

### **TERCEIRO ROGO**

O seguinte rogo presentado o 26 de maio fai mención a limpeza e mellora do parque Chan da Arrotea na parroquia da Picoña , alí nos reunimos cos veciños e segundo explican os mesmos, o pasado mes de agosto, é dicir, agosto do ano 2016 o goberno retiraba a área de dito parque, a madeira que limitaba a zona de xogos tirada coa promesa que se arranxaría nun curto prazo de tempo, nove meses despois é de total abandono, as herbas comezan a invadir todo. Os bancos seguen igual que os deixaron e o escombro forma parte da paisaxe do mesmo. Tamén o acompañan diferentes imaxes ao respecto. Os veciños e veciñas amosan o seu descontento ante este pasotismo do goberno municipal, xa que este lugar é un punto de encontro para os nenos, veciños no torreiro onde se celebran todos os anos diversas xuntanzas como por exemplo, a festa de S. Xoán, por iso nos presentamos o rogo a finais de maio, un mes practicamente antes, da celebración de dito festexo da noite de S. Xoán. Hai diferentes fotos que amosan o que nos dicimos e polo tanto rogamus ao goberno que así tivese a ben.

#### **CUARTO ROGO**

Outro rogo presentado o 30 de maio, tamén facemos mención a limpeza e adecentamento do acceso ao barrio de Montecelo na parroquia de Parderrubias, onde tamén nos reunimos con diferentes veciños, visitando o acceso e comprobando que no Inventario público de camiños, ese camiño colindante se amosa como camiño municipal propiedade do Concello.

Seguramente a parte final de arriba dependa da Consellería de Infraestruturas pero non o acceso propiamente dito ao barrio e as cunetas, que se poden ver nestas fotos. A día de hoxe aínda segue na mesma situación, as cunetas invadidas todas de xabre, as tubarias totalmente tupidas, polo tanto a auga non pode circular polas mesmas e tamén aproveitamos para por imaxes de contedores na entrada do barrio de Montecelo, que tamén se atopan sen tapa etc etc... polo tanto, é o rogo de adecentamento do acceso do barrio de Montecelo en Parderrubias.

Son os rogos que habíamos presentado por rexistro.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Asumimos os rogos, algunhas cousas xa están feitas e outras pois, sobre todo o vandalismo nos contedores, que como di o Concelleira de Medio ambiente hai certos puntos concretos que hai quen se dedica a coleccionar tapas. Evidentemente hai que ter unha partida orzamentaria, pedimos contedores o Plan Deputación e se reporán tan pronto sexa menester. En canto a limpeza, estamos cun plan de limpeza de contedores que xa coñecesdes.

Recollemos os rogos, ¿hai máis?

#### **QUINTO ROGO**

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Este rogo non o presentamos por escrito, nos o rogamus dende o grupo socialista e que a documentación dos Plenos estea dunha vez no expediente, porque as veces temos que vir varios días na semana deixando as nosas obrigas laborais para poder dispor da documentación.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Tomamos nota. A Secretaría municipal non lle constaban estes últimos rogos. Vaíamos coas preguntas.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿Cando se vai por en marcha de forma plena a sede electrónica? Porque a verdade é que estes días levamos pendentes de se vai por sede electrónica ou se se vai polo outro lado. Queríamos saber como está o tema.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Estase implantando a Administración electrónica no Concello, de momento estamos aplicando internamente os procedementos e a nivel de departamentos e unha vez teñamos pulido esa implantación, o seguinte paso e por en marcha a sede electrónica cara fora.

De momento a implantación está resultando positiva pero si é certo que non nos queremos lanzar a sede electrónica mentres non teñamos atados dentro os procesos e os trámites.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** O que solicitamos formalmente é que se nos notifique cando comezamos coa administración electrónica para non estar pendientes.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Algo máis?

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Xa preguntamos no Pleno de decembro e tamén no de abril pola praza de Policía Local, se nos dixo no último Pleno que se estaba estudando e queríamos saber se ao final se vai contratar ou non.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Pois se contestoche o mesmo que no Pleno de abril, é un tema que está enriba da mesa pero a carga de traballo non fixo posible que se sacara esa substitución por esa baixa.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Eu falaba máis que nada porque estamos en época de vacacións e aparte da baixa que mencionas o período de vacación tamén inflúe moitísimo, eu creo que se hai interese en contratar a un Policía Local, haberá que dar as ordes precisas ao departamento correspondente, creo que o tema de seguridade é prioritario, polo tanto, que se poñan coa contratación antes que a calquera outro asunto. Xa digo, a seguridade paréceme que é prioritario máis aínda cos últimos acontecementos que están pasando no concello.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Despois tiña outra pregunta, respecto dun camiño no barrio do Torreiro en Soutelo que apareceu cortado con pedras de mampostería fai dous meses aproximadamente, denominado camiño Real, quería saber que se fai ao respecto, se van quitar as pedras ou se van quedar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Cal é o camiño?

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** O camiño é o que vai a poza.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ah si, é certo é en Baldráns.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Se o ves no Plano hai unha parte en Soutelo e outra en Tui.



**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Pasa pola estrada.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Non, eu vin o plano é un trozo colle Salceda e o outro trozo é de Tui. Polo tanto, considero que haberá que facer a xestión co Concello de Tui para que se tomen medidas no asunto.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Nós non o temos no inventario.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Creo que se lle preguntas a calquer veciño vanche dicir que ese camiño sempre estivo aberto, así mo transmiten, que ese camiño existiu toda a vida, que non é de agora de fai vinte anos, de feito chámase Camiño Real por algo será.

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Camiño Real é o de abaixo.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Non, o Camiño Real é ese. En definitiva, queríamos saber se van facer algunha xestión, se van retirar as pedras ou que se pretende facer. Nos consta que o goberno municipal sabe do tema.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Si, agora si. Digo que primeiro o camiño non está inventariado como público porque practicamente non esta no Concello de Salceda pero faremos a xestión primeiro co Concello de Tui evidentemente, e despois se procede abriremos un expediente de investigación como facemos noutros casos.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** A Concelleira de Cultura dixome que mentía pero bueno entendo que é o papel que lle toca facer. Quero facer uso da palabra agora, quería facerlle unha pregunta respecto do tema das entradas que non se ingresaron.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Vamos a ver, xa houbo unha comparecencia.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Eu so lle quería preguntar unha cousa, ¿de que data é o contrato que tedes asinado con Vaamonde, Lamas & Romero?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** 8 de xaneiro de 2016.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Entón iso foi despois.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** ¿Como? Se foi no entroido.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿E xa sabíades canto íades a recadar de entradas? Dixeches 1.000 e 800 contemplábalos ahí no contrato.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Non. Non dixen que viñera no contrato, dixen que hai un contrato, unha folla de taquilla e unha factura, son tres cousas distintas de 1.800€ e unha factura de 1.000€.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿Entón como xustifican no contrato as entradas e a factura?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** O contrato di que hai unha actuación e que vale 1.800€, a taquilla é do 6 de febreiro que foi o día da actuación.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Vale, de acordo. E que vostede contouno todo xunto, falando dun contrato.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Xa falamos unha hora dese tema.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿Podo facer unha pregunta máis señor Alcalde?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Podes pero vai rematando.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Vale, ¿ese contrato púidose ter firmado onte por exemplo? ¿Hai algo que acredite que se firmou o 8 de xaneiro?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Pon arriba 8 de xaneiro. Solo faltaría que ademais me acusarades de falsidade documental porque é o único que vos queda.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿Coñeces esta folla? É unha folla de Excel, aquí e onde vostede nos xustifica os ingresos dos callos, tanto de 2016 como de 2015, aquí eu preguntolle, ¿vendéronse 5 botellas de viño?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Hai un erro.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Non está certificado por ningún lado.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Nos non temos que darche a ti unha documentación oficial porque xa a tes.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿Como xa a teño?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Esa documentación xa a tes, está nos expedientes.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿Isto é documentación oficial?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Iso é o que pedistedes. ¿Non buscastedes o tema das actuacións? Busca o resto.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Vos non queredes dar a documentación.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pero se cha demos.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** So para puntualizar, non pedistes a conta dos callos, solo pedistes as facturas e o número de botellas de viño.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** E os ingresos.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** E é certo que hai un erro nas botellas de viño, non sei agora o dato pero cho paso porque si que me din que había un erro.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Esta nota de prensa onde di que a organización logra vender 20.000 racións de callos ¿mandouna vostede?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Non.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Dende cando na prensa sae o que mandamos nos?

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Alguén aquí tivo que dar o dato, ¿cantas racións de callos se venderon realmente?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Eu dinche a ti o dato.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Para rematar, vostede ten aquí unha nota de prensa que di fomos quen de facer a festa dos callos con custe cero para o concello, ¿é certo isto?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** ¿De cando é esa nota de prensa?

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** 2016.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** ¿Data por favor?

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** 1 de setembro.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** vale, o 1 de setembro de 2016 se eu falo da festa dos callos, sen custe para o Concello se é o 1 de setembro de 2016 ¿de que festa estarei a falar?

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿2015?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** É certo que foi sen custe para o Concello. Eu creo recordar que si.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Eu pensei que esta nota de prensa se refería o exercicio do 2016.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Non, porque me lembro perfectamente por iso cho aclaro.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Imaxínome, porque neste caso, no 2016 non puido sacar esta nota de prensa.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Non.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Xa para rematar, ¿teñen pensado fiscalizalos tickets das festa dos callos ou vaille ben así?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Pois cando chegan os tickets se encargan o tesoureiro e a interventora, eu non interveño nese proceso, non o sei.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Eu preguntolle, ¿teñen pensado fiscalizalos?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Seguiremos o proceso de sempre, os tickets cólleos de imprenta o Tesoureiro e a Interventora.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿Entón están fiscalizados?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Non o sei, eles farán o seu traballo.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** ¿Hai algunha diferenza de como se recadan os tickets da festa de hoxe a fai vinte anos?

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Non me chegaría a noite para dicilo.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Eu creo que é igual.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Fai vinte anos andaban os talonarios polos bares e moitos militantes do PP repartindo.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** O mesmo control que facedes vos agora.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Non, nin de lexos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Máis preguntas.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Quería saber, porque vamos a pedir documentación ao respecto, en que consistiu ese deslinde que saíu nos medios respecto do concello de Salceda co Concello do Porriño na zona do Cerquido e dou por feito que xa o deslinde terá que haber un acordo plenario, onde as corporacións ratifiquen ese deslinde. ¿Ou é que vostede tamén se outorga a capacidade para decidir?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Cal é a pregunta?

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** A pregunta é, en que trámite estamos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Eu non cambio os lindes. Estamos falando de modificación puntual urbanística, neste caso do concello do Porriño que está en marcha. No PXOM de 2010 deixaron unha lingua de terra no Cerquido de 30.000m<sup>2</sup> en terra de ninguén. Colleron como eixo do núcleo a estrada provincial de Ribadelouro.

Por outra parte, colleron o núcleo de Cerquido e solaparon fora do territorio municipal de Porriño e ademais, hai dous normativas, a nosa e a de Porriño.

E despois queda outra parte que é hai dúbidas, non tanto de situación porque afortunadamente están alí os mojóns históricos, excepto un, que é o n<sup>o</sup> tres que é o que ven dende o marco de Alvelos que parte Tui, Porriño e Salceda pasa pola zona dos lameiros, cruza a autovía e nese punto tres nunha zona que lle chaman Campo adentro, ese mojón nun principio non está. As informacións que tiña xa fai un par de anos é que está por alí no mato e ese é o único punto que non está.

O punto onde estaba témolo mais ou menos claro, iniciamos unha modificación como vos coñecedes no Cerquido e o lóxico é cando se está modificando algo que non está ben é quedar neste caso co Concello do Porriño que foi o que fixemos e cos técnicos foi levantar os mojóns que xa existen que practicamente son todos, e agora a empresa que fixo a modificación con erros, o que vai facer é trasladar en coordenadas UGTM que se lle pasaron ao Concello de O Porriño e a partir de ahí seguiremos traballando neste período.

Intentaremos pactar as alegacións e se non plantexaremos nos as alegacións en interese de todos. A gran ventaxa que temos alí é que onde toca núcleo toca núcleo e onde toca red natura ou rústico ou de protección de augas toca, o acordo é fácil. Hai mojóns e non hai discrepancia, o importante é que a modificación da parte de Salceda cuadren nos mesmos puntos.

En todo caso non é un deslinde municipal é unha modificación urbanística en base a unhas cuestións que están mal no PXOM de Porriño do ano 2003.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Non hai ningunha notificación.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Nós non somos os promotores desa cuestión, é o concello de Porriño.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Pero somos parte colindante de esta modificación.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Por iso se temos algo que dicir o diremos, non porque teñamos a documentación. A documentación está no Diario Oficial de Galicia na Consellería de medioambiente.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿E non se notificou ao Concello de Salceda oficialmente polo Concello de Porriño?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ten en conta que isto aprobouse en Pleno en febreiro, por razóns que descoñezo, bueno estivo colgado o informe preceptivo na páxina web de urbanismo da Xunta. Pero non sei porque botaron meses dende febreiro ata xuño sen saír no DOG. E a nos creo que non nos chegou notificación, a información que teño é a través do DOG que viña en prensa cando se aprobou inicialmente en Porriño.

A documentación que hai está colgada na web da Consellería, en todo caso a ten Porriño. Nos a información que temos a collín da páxina web da Xunta.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** En todo caso, estaremos pendentes do tema, agradeceríalle que se algunha cuestión importante nos mantivese informados, xa que se trata dunha modificación.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pero non é un deslinde.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Vale, pero non está de máis ter esa información de primeira man, porque vostede di que está moi claro pero a nós nos gustaría ser partícipes da decisión final.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** O acordo vai ser técnico porque emana do Instituto Xeográfico Nacional e das decisións da Xunta.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Insisto no que planteo, solicito que se nos teña informados ao respecto.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Primeiro terei que estar informado eu porque non teño máis información que esa, fixemos un traballo de campo porque os de Porriño non controlaban os marcos e eu sí. Evidentemente hai erros porque o alto do Cerquido eles o colocan máis abaixo, Granilouro está no sitio, o nº tres o colocan no río e o mojón da vía do tren que esta alí o omiten. Collen como referencia a carretera que vai do Cerquido a ponte do tren. Repito ese erro existe dende o ano 2003 e na modificación puntual que traíamos aquí o ano pasado na parte que lle corresponde a Salceda estaba contemplada.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Insisto Alcalde, solicito que nos traslade a información. Seguramente hai veciños que igual saben máis ca vostede ou ca min respecto desa situación, polo tanto, é unha decisión que nos pode afectar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Que parte non entendes?

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Vostede acaba de trasladar a este Pleno que Porriño sitúa un mojon ao lado do río que vostede deu a entender que non está de acordo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** A día de hoxe está exposto ao público, non son eu o que ten que estar ou non de acordo.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Insisto, lle pido transparencia en este punto.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ti comezaches a pregunta facendo unha composición de lugar, non sei a que viña, e agora sigues incidindo en algo despois de darche explicacións. Estarás perfectamente informado de cada un dos pasos que se están a dar.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Iso é o que quería escoitar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Máis preguntas.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** A pregunta é para a Concelleira de Medio ambiente, temos visto nos últimos tempos que volver haber vertedoiros incontrolados, non sei se a Concellería de Medio ambiente teña constancia diso, e se a ten se pensa facer algo ao respecto. No seu día elimináranse todos cando a concellería estaba en man dos socialistas e agora comeza haber a algún máis.

**PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS):** Se coñeces algún da traslado a través do rexistro para que a Policía Local o identifique e que xestione.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** En Budiño concretamente hai dous, un que vai da estrada do Borralliño a Budiño pero bueno, meterei por rexistro exactamente onde son os puntos onde se atopa.

**PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS):** ¿Poderías decir cantos teis detectados?

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** En Budiño polo menos dous e algún que teño que verificar.

Unha pregunta para o Concelleiro de Vías e Obras, parece que se están limpando viarios que se van utilizar para o rali, hai queixas de veciños que din que so se está limpando as zonas por onde pasa o rali, quedando zonas moi cercanas sen limpar, hai malestar. ¿Estáanse limpando os viarios completos?

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Son as 12.20 horas da noite.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** ¿E que me estás dicindo?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Veña, pechemos o tema, a túa pregunta é clara.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Quero que conste en Acta que teño que aguantar todos os Plenos o mesmo, ¿e vas a preguntar moito? ¿e van a ser moi longas? A ver se acabas, que van ser as 12 e pico.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** En todo caso, tendo en conta que nos pasamos das 12.30h sexamos o máis breves posibles e rematemos o Pleno sen deixar de facer as preguntas oportunas.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** O que non se me pode acusar a min e de non ser breve nas preguntas, pero é que me pasa en todos os Plenos igual.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Sobre esa cuestión, hai 300 kilometros de vias municipais, concretamente o tema do rali non é esta semana, pero non temos a capacidade nin nos nin ningún concello e máximo nun ano coma este que pola chuvia que caeu onte e antonte vamos ter que volver a limpar con respecto a outros anos. Estase facendo o traballo que se pode, cos medios que temos, coa capacidade económica que hai. Son 300 kilometros a herba ten a mala manía de que medra o mesmo tempo nos mesmos sitios igual. A capacidade é relativa. Hai vias que foron limpados no seu momento e agora teremos que volver limpar, pasa coas sendas e con outro tipo de espazos públicos.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu que quede claro que non so estaba falando dos 300 kilometros de vias, estaba falando da mesma zona que se limpan os tramos polo que pasa o rali e se deixa de limpar polos que non pasa.

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** É mentira.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Neste momento é así, cando pase o rali miraremos. Os veciños que o están vivindo son os que se queixan.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Verónica, cada quen ten a súa opinión. Eu teño a miña.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** E eu traslado a que me pasan os veciños.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Perfecto.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** En canto a Urbanismo, levamos meses, e verdade que nunca o trouxemos a Pleno, porque a resposta é a mesma, os servizos están colapsados e demais, pero hai moito retraso en urbanismo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Especifica, ¿estás falando de licencias?

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Nalgún caso licencias de máis de un ano.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Cales?

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non vou nomear aquí quen é o que está a esperar pola licenza.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pode ser que non presentan documentación, por exemplo, ou que están pendentes doutros organismos.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non quero mesturar co meu que leva quince anos ou máis, non falo dese, falo por exemplo da segregación dunha finca que leva máis de un ano.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pois haberá algunha razón, como non me digas cal é, non che podó decír.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Se non lle contestan a razón ao interesado non a saberá.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Teño unha xuntanza semanal cos técnicos, estamos conseguindo dar licenzas cos recursos que temos en número importante, pode ser que se traspapelase.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Algunha que leva traspapelada dez anos. Eu entendo que haberá razóns, digo eu que non será selectivo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Estíbeche catro anos e tiñas acceso a esa información e sabes que non foi así.



**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non quero aproveitar casos persoais, estamos nun pleno. Estou falando de licenzas de ocupación que levan máis de dez anos ou de segregación de fincas que levan máis de un.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non estou en condicións neste momento porque non teño os datos enriba da mesa pero en todo caso será excepcional. O ritmo de licenzas neste concello supera amplamente a de concellos veciños e moitas veces cando a alguén non se lle da a licenza é porque lle falta algunha documentación que ten que aportar.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** ¿Pero se lle comunica? porque a min o que me están dicindo e que non se lle notifica nada.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ti sabes que persoas son e non o queres dicir, se queres cando remate mo dis e xa vexo.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Outro tema, que levamos tanto os compañeiros do PP coma nos que é o tema da seguridade. As carreiras, os trompos que fan na rotonda do Clarín ou na rúa Arrollo, levamos meses escoitando bastantes queixas, é verdade que se traen aquí a través de preguntas, de rogos e demais e os veciños seguen tendo a mesma queixa, que non se soluciona que non hai ninguén que se faga responsable, que chaman a Policía Local e que non está en servizo. ¿Se valorou nalgunha mesa para intentar arranxar esta situación?

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Si, a ver, alí se leva sancionado a varios vehículos pola Policía Local, é un punto crítico onde se concentra xente, por outro lado sabes que non cubrimos as sete noites, estamos cubertos todas as mañás de luns a venres e catro noites a semana cos efectivos que temos. Ao mesmo tempo tamén che informo que estamos en contacto coa Garda Civil e ten habido controis de alcoholemia e demais para reforzar a seguridade en Salceda.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Pois a verdade o que explica que está facendo non está dando resultado co cal creo que é un tema que debería priorizar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** É a túa opinión, resultados hai. ¿Que non sexan os adecuados? A capacidade que ten o Concello ou calquera no control absoluto non existe.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Por suposto que non.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** A parte humana é incontrolable.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Os veciños trasladan que quedan sen durmir toda a noite.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** É unha opinión, pero esa máxima de que non funciona é unha opinión. E se tes a solución tamén nola das. Estiven coa subdelegada do goberno, ampliamos horario da Policía Local ata as 6.30 horas e controis da Garda Civil. Estáse facendo o que se pode, ¿pero non é suficiente? En momentos puntuais pode ser que non sexa suficiente.

Agora, a Policía Local cubre uns espazos e cando non está a Policía Local está a Garda Civil, cuberta está Salceda, que non o está ao nivel que nos gustaría, non digo que non. Ti traes aquí queixas persoais, moi respetables e moi opinables sen sacarlle a razón. Nos facemos o que podemos.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non é unha opinión. O que podería era falar o señor Alcalde con algúns dos veciños e así deixaba de ser opinable.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Decídeme a solución.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Levantamos a sesión.

Non habendo máis temas que tratar, ás doce horas e trinta e cinco minutos, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.